

**ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL**  
**Sesión do 18 de marzo de 2010**

**ASISTENTES:**

**Membros :**

D. Abel Caballero Álvarez  
D<sup>a</sup> Isaura Abelairas Rodríguez  
D. Francisco Xabier Alonso Pérez  
D. Xulio Calviño Rodríguez  
D. Santiago Domínguez Olveira  
D. Carlos López Font  
D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Xosé Méndez Piñeiro  
D. Santos Héctor Rodríguez Díaz  
D. José Manuel Mariño Mendoza

**NON ASISTEN:**

D. Eudosio Álvarez Álvarez

**Invitados:**

D<sup>a</sup> Raquel Díaz Vázquez  
D<sup>a</sup> María Jesús Lago Rey  
D. Xesús López Carreira  
D<sup>a</sup> Iolanda Veloso Ríos

D<sup>a</sup> Laura López Atrio  
D. Angel Rivas González

Na Casa do Concello de Vigo, ás catorce horas e cinco minutos do día dezoito de marzo de de dous mil dez e baixo a presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, Sr. Caballero Alvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Abelairas Rodríguez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, o titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sr. Lorenzo Penela, e o interventor xeral, Sr. González Carnero.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

**1(336).- ACTA ANTERIOR.** Apróbase a acta da sesión do 8 de marzo de 2010. Deberá incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr. Alcalde-presidente.

## **2(337).- PADRÓN FISCAL DO IMPOSTO SOBRE VEHÍCULOS DE TRACCIÓN MECÁNICA. EXPTE. 1405/500.**

Examinadas as actuacións do expediente dáse conta do informe-proposta da adxunta á directora de Ingresos, do 12.03.09, conformado pola directora de Ingresos e o interventor xeral, que di o seguinte:

*Dacordo coa Base de Datos de Vehículos existente nos Servizos Tributarios do Concello actualizada dende a emisión do Padrón Fiscal de 2009 ata febreiro de 2010 coa información remitida pola Xefatura Provincial de Tráfico, xunto coa documentación complementaria aportada polos suxeitos pasivos para aplicación de beneficios fiscais e a normativa do imposto prevista no RDL 2/2004 de 5 de Marzo (Texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais) así como na ordenanza fiscal reguladora; tense elaborado o presente Padrón fiscal do ano 2010 do Imposto sobre Vehículos de Tracción Mecánica para aprobación pola Concellería de Economía e Facenda.*

*Non constan neste documento-padrón os recibos correspondentes aos ciclomotores e motocicletas de ata 125cc. que se ingresan polo procedemento de autoliquidación, segundo o artigo 8.2 da Ordenanza fiscal reguladora do imposto sobre vehículos de tracción mecánica. O número de ciclomotores ascende na Base de Datos de Vehículos a 12.204 e o número de motos de ata 125cc. ascende a 8.100. Poderán ingresarse as cotas deste tipo de vehículos accedendo a través de [www.vigo.org](http://www.vigo.org) á Oficina Virtual Tributaria do Concello.*

*A diferenza neta no número de vehículos entre 2009 e 2010 ascende a 1.367. (0.78 % de incremento).*

*O Importe total do padrón do presente exercicio 2010 diminúe en 96.300,13 euros respecto do mesmo padrón do ano 2009. Os motivos son os seguintes:*

- Diminución do 0,2% dos tipos impositivos por acordo plenario de 28 de setembro de 2009.*
- Bonificación do 75% da cota a 746 vehículos novos con emisións de CO2 inferiores a 120 g/km.*
- Incremento dun 10,82% entre o padrón de 2009 e o padrón de 2010, no número de contribuíntes minusválidos que disfrutan de exención (fronte a 4.585 vehículos exentos por minusvalía do seu titular no exercicio 2009, hai no exercicio 2010, 5.192).*

*No capítulo de beneficios fiscais que están aplicados no exercicio 2010, destaca o número de 5.192 vehículos exentos por razón de minusvalía do seu titular dos que 1.100 apróbanse neste documento. Destaca, igualmente, a bonificación do 75% na cota do imposto aprobada en sesión 29 de setembro de 2008 para vehículos novos, con emisións de CO2 inferiores a 120 g/km.*

*A minoración no importe total do padrón por aplicación de beneficios fiscais é a seguinte:*

- minusvalía: 5.192 vehículos con un importe total de cota exenta de 517.179.65 euros.*
- emisión CO2<120g/Km: 746 vehículos con unha cota exenta de 32.015,10 euros.*

	2009	2010	Inc 09/10
IMPORTE PADRÓN	15.084.002,05 €	14.987.701,92 €	-0,64%
Nº DE VEHÍCULOS PADRÓN	174.930	176.297	0,78%
Nº EXENCIÓNS POR RAZÓN DE MINUSVALIA	4.685	5.192	10,82%
IMPORTE EXENCIÓNS POR RAZÓN DE MINUSVALIA	470.075,20 €	517.179,65 €	10,02%
Nº EXENCIÓNS POR EMISIÓN CO2<120g/Km	0	746	
IMPORTE EXENCIÓNS POR EMISIÓN CO2<120g/Km	0	32.015,10 €	

Á vista do anterior, PROPONSE A CONCELLERÍA DE ECONOMÍA E FACENDA, en virtude de decreto de delegacións da alcaldía de xullo de 2007 e conforme o artigo 63.2 da Ordenanza fiscal xeral A ADOPCIÓN DO SEGUINTE ACORDO:

1.- Aproba-lo Padrón fiscal do imposto sobre vehículos de tracción mecánica do ano 2010 que comeza coa inscrición do vehículo matricula 0554 BBB e remata coa inscrición do vehículo matricula ZA-41442-VE, polo importe total de 14.987.701,92 euros (Catorce millóns novecientos oitenta e sete mil setecentos un euros con noventa e dous céntimos), correspondentes a un total de 176.297 vehículos.

2.- Aprobar a exención do imposto de vehículos de tracción mecánica a 1.100 vehículos de titularidade de minusválidos que reúnen as condicións establecidas no artigo 4 apartado 1.5. da ordenanza fiscal vixente, e aparecen referenciados no documento padrón coa anotación individualizada “2010 na columna B.FISC e cota 0”.

3.- Aprobar a bonificación do 75% da cota do imposto a 746 vehículos que cumpren as condicións establecidas no artigo 4 apartado 4 b) da ordenanza fiscal vixente, e aparecen referenciados no documento padrón coa anotación individualizada “2010 na columna B.FISC e cota bonificada correspondente”.

4.- Aprobar a bonificación do 75% da cota do imposto a 2 vehículos híbridos que cumpren as condicións establecidas no artigo 4 apartado 4 a) da ordenanza fiscal vixente, e aparecen referenciados no documento padrón coa anotación individualizada “2010 na columna B.FISC e cota bonificada correspondente”.

A documentación xustificativa dos anteriores acordos de aprobación de beneficios fiscais que figuran nos apartados 2, 3 e 4 anteriores consta en expedientes individuais nas dependencias de xestión tributaria deste imposto e, así mesmo accesible aos interesados a través da “carpetta cidadá” da web do Concello.

5.- Dar conta a XUNTA DE GOBERNO LOCAL do acordo anterior, de conformidade co citado artigo 63.2 . da Ordenanza fiscal xeral”

6.- Proceder á exposición pública durante o prazo de 15 días, producindo esta exposición os efectos de notificación das liquidacións das cotas que figuran consignadas para cada un dos contribuíntes, podéndose interpoñer contra ditos actos recurso potestativo de reposición ante o órgano que aproba

*este acordo ou ben directamente recurso ante o Tribunal Económico Administrativo do Concello de Vigo, no prazo dun mes a partir do día seguinte ó de finalización do período voluntario de pago.*

A concelleira de Economía e Facenda resolve de conformidade co precedente informe.

Acordo

A Xunta de Goberno local queda enterada.

3(338).- **PROTOCOLO DE ACTUACIÓN DOS TALLERES E ACTIVIDADES QUE SE DESENVOLVERÁN DENTRO DO PROGRAMA “AVELLEMENTAMENTO ACTIVO”.** EXPTE. 50636/301.

A Xunta de Goberno local retira este expediente.

4(339).- **PLAN DE OCUPACIÓN E EXPLOTACIÓN DE SERVIZOS NAS PRAIAS DO TÉRMINO MUNICIPAL DE VIGO. EXPTE. 18871/240.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe da Oficina Administrativa de Contratación, do 15.03.10, que di o seguinte:

*O Servicio Provincial de Costas de Pontevedra requeriu ó Concello de Vigo, en cumprimento do artigo 111.3 do vixente Regulamento Xeral para o desenvolvemento e execución da Lei de Costas, que antes do vindeiro día 10 de abril de 2010 remitase a esa delegación o plan de ocupación e explotación dos servizos nas praias do término municipal.*

*Elaborouse unha proposta de ocupación de acordo coa seguinte distribución:*

DESCRICIÓN	UBICACIÓN	SUPERFICIE EN M2
QUIOSCO 1	Areal da Punta ( A Guía)	20
QUIOSCO 2	Areal de Santa Baia	20
QUIOSCO 3	Areal do Tombo do Gato	20
QUIOSCO 4	Areal do Tombo do Gato	20
QUIOSCO 5	Areal de Argazada	20
QUIOSCO 6	Areal de Samil	20
QUIOSCO 7	Areal de Samil	20
QUIOSCO 8	Areal de Samil	20
QUIOSCO 9	Areal do Vao	20
QUIOSCO 10	Areal do Vao	20

*Tódolos quioscos (10) aparecen sinalados nos Planos escalas 1:1000 do servizo de Medio Ambiente do concello de Vigo.*

*No Prego de Prescripcións Técnicas de adxudicación destas instalacións turísticas especificarase para cada un dos quioscos a obriga de contar con servizos hixiénicos públicos, así como o seu mantemento. Determinaranse, asimesmo, nese Prego as instalacións que deberán adaptarse para minusválidos.*

*Observouse en tódolos casos, a prescripción de distancias e medidas, especificadas pola Delegación Provincial de Costas.*

*No plan deste ano non se preveé a instalación da Estación Náutica en atención ó acordado polo Organo Xestor de Praias reunido o día 05 de febreiro de 2009 acordouse prestar conformidade a dito plan.*

*A vista das anteriores circunstancias, proponse a Xunta de Goberno Local, a adopción do seguinte acordo:*

*1º.- Aprobalo Plan de Ocupación e Explotación de Servizos nas Praias do término municipal de Vigo para o ano 2009 tal e como se recolle na parte expositiva de este informe.*

*2º.- Remitir antes do día 10 de abril de 2010 este Plan de Ocupación e Explotación para o ano 2010 ó Servizo Provincial de Costas.*

*3º O concello de Vigo obrígase a esixir dos adxudicatarios a constitución da correspondente garantía para responder dos gastos de levantamento das instalacións e xustificará esta circunstancia ante o Servizo Provincial de Costas de Pontevedra.*

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

#### **5(340).- PRÓRROGA DO CONTRATO DO SERVIZO DE IMPARTICIÓN E COORDINACIÓN DOS CURSOS E ACTIVIDADES DE ALFABETIZACIÓN DE PERSOAS ADULTAS. EXPTE. 7125/332.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe da Oficina Administrativa de Contratación, do 24.02.10, conformado poloa concelleira de Educación, a xefa do Servizo de Fiscalización e o interventor xeral, que di o seguinte:

*A Xunta de Goberno local en sesión de marzo de 2007 acordou adxudicar a Mulleres Progresistas de Vigo a contratación da prestación dos cursos e actividades de alfabetización de persoas adultas do Concello de Vigo.*

*Según se establece na cláusula 4º.- do contrato éste terá unha duración de dous anos, a contar desde o 1 de abril de 2007.*

*No apartado 7.3.1 da FEC establece a posibilidade de prorroga do contrato por dous anos, prorrogable ano a ano.*

*Por parte do Xefe do servizo de educación remítese o expediente a este servizo para tramitar a segunda prorroga do contrato para a xestión e docencia do programa educativo "alfabetización de persoas adultas" xa que a primeira xa fora aprobada por acordo da Xunta de Goberno de 23 de marzo de 2009.*

*A segunda revisión de prezos do contrato foi aprobada pola Xunta de Goberno Local de 25 de setembro de 2009, establecendose o prezo revisado na cantidade de 33.662,30 euros ano. O prezo hora a efectos de ampliación redución do contrato como consecuencia da revisión será de 42,99 euros/hora.*

*Polo exposto, propónse a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte A C O R D O*

*Aprobar a prorroga do contrato do servizo de prestación dos cursos e actividades de alfabetización de persoas adultas do Concello de Vigo, adxudicado a "mulleres progresistas" por acordo da Xunta de Goberno Local de 26 de marzo de 2007, a partir do 1 de abril de 2010 ata o 31 de marzo de 2011.*

*O prezo do contrato perante a prorroga será o que actualmente está facturando a empresa 33.662,30 euros/ano, pendente de revisar polo incremento do IPC marzo 2009/2010.*

*A distribución por anualidades do prezo do contrato e de 21.038,94 con cargo a aplicación presupuestaria 4220.227.06.16 do ano 2010 e 12.623,36 a mesma aplicación do ano 2011*

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **6(341).- ABOAMENTO DE COTAS DE COMUNIDADE DO EDIFICIO SITO NA RÚA MARTÍNEZ GARRIDO 71. EXPTE. 18867/240.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da técnico de Admón. Especial, do 9.02.10, conformado polo concelleiro delegado de Patrimonio e a xefa do Servizo de Fiscalización, a Xunta de Goberno local acorda:

Aboar a Comunidade de veciños da rúa Martínez Garrido nº 71, en concepto de gastos de comunidade pola propiedade por parte do Concello da vivenda 2º A, cedida polo Instituto Galego da Vivenda e Solo, a cantidade de 970 euros, polo período de xaneiro de 2008 ata decembro de 2010, ambos incluídos.

**7(342).- INDEMNIZACIÓN SUBSTITUTIVA A FAVOR DE LINORSA POR SERVICIOS DE LIMPEZA DE DEPENDENCIAS MUNICIPAIS. EXPTE. 18855/240.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización, do 9.03.10, e de acordo co informe-proposta da técnico de Admón. Especial, do 5.02.10, conformado polo concelleiro delegado de Patrimonio, a Xunta de Goberno local acorda:

Aprobar a indemnización substitutiva a favor da empresa “Limpiezas del Noroeste, S.A.”, por un importe total de 155.309,50 euros, ive engadido, polo servizo de limpeza en centros municipais perante o mes de xaneiro de 2010, que se imputarán a partida presupuestarias 12102270000 do vixente exercicio.

**8(343.-INDEMNIZACIÓN SUSBTITUTIVA A FAVOR DE ESTRELLA SEGUROS POLA PÓLIZA DE SEGURO DE VIDA DO PERSOAL DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 18850/240.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización, do 9.03.10, e de acordo co informe-proposta da técnico de Admón. Especial, do 9.03.10, conformado polo concelleiro delegado de Patrimonio, a Xunta de Goberno local acorda:

Aboar, en concepto de indemnización sustitutiva, a cantidade de 200.600,17 euros, pola cobertura da póliza de seguro de vida do persoal do Concello de Vigo, á compañía aseguradora “La Estrella”, perante o periodo comprendido entre o 1 de setembro de 2009 e o 31 de agosto de 2010, con cargo a partida presupuestaria 31311620500.

A efectos de pago deberase ter en conta, e según a Lei de Mediación de Seguros Privados, que a poliza de referencia foi contratada a través da Correduría aseguradora do concello “Aón Gil Y Carvajal”.

**9(344).- VALIDACIÓN DO GASTO A FAVOR DA UTE IMES-ESYCSA POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO RELATIVO AO MANTENIMENTO DE TÚNELES DURANTE O MES DE XANEIRO DE 2010. EXPTE. 13345/444.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 9.03.10, e de acordo co informe-proposta do xefe dos Servizos Electromecánicos, do 1.03.10, conformado pola concelleira de Área de Servizos Xerais, a Xunta de Goberno local acorda:

Recoñecer unha Convalidación de crédito a favor da UTE Imes-Esycsa, por un importe total de 45.670,39 Euros, correspondente á facturación do mes de xaneiro de 2010, con cargo á partida orzamentaria “Mantemento Túneis e Pasos Inferiores” 4324.227.06.02.

**10(345).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE INSTALACIÓN DE PASOS SOBREELEVADOS PARA A MELLORA DA SEGURIDADE VIAL NO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 77551/210.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 9.03.10, o informe de fiscalización do 16.03.10, e de acordo co informe-proposta da enxeñeiro técnico, do 11.03.10, conformado polo xefe de Área e polo concelleiro-delegado de Mobilidade, Transporte e Seguridade, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar o proxecto que se achega no expediente para a execución das obras de instalación de pasos sobreelevados para a mellora da seguridade vial no Concello de Vigo redatado pola empresa PETTRA (Plans Estratéxicos Territoriais de Transporte e Ambientais S.L.)

2º.- Aprobar os pregos de prescricións técnicas e de condicións administrativas particulares, incluíndo as FEC (Follas de especificación do contrato) correspondentes, que se achegan no expediente, para á contratación das obras do proxecto indicado no punto anterior, mediante un procedemento negociado e trámite de urxencia, ao amparo do artigo 17.1 do Real Decreto-Lei 13/2009, de 26 de outubro, polo que se crea o Fondo Estatal para o emprego e sostenibilidade local (FEESL), e o artigo 96 da LCSP, a efectos de redución de prazos.

3º.- Autorizar un gasto para a contratación das obras indicadas con cargo á partida orzamentaria 22206090065, por un importe de 158.620,01 €, máis o 16% (25.379,19 €) correspondente ao IVE soportado pola Administración Local, o que fai un importe total de 183.999,20 € (CENTO OITENTA E TRES MIL NOVECENTOS NOVENTA E NOVE EUROS CON VINTE CÉNTIMOS).

4º.- Abrir o procedemento licitatorio para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

**11(346).- TOMA DE COÑECIMENTO DO PASE Á VÍA DE CONSTRINXIMENTO DE MULTAS URBANÍSTICAS. EXPTE. 4292/407.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do director dos Servizos Centrais, do 3.03.10, conformado pola xerente de Urbanismo, que di o seguinte:

*Os ingresos polos distintos conceptos urbanísticos son liquidados, recadados e contabilizados polos servizos desta Xerencia Municipal de Urbanismo.*

*Durante o terceiro cuatrimestre de 2009 impuxéronse multas por parte deste organismo que non foron ingresadas no período voluntario, polo que deben pasar á vía de constrinximento.*

*De conformidade coa base 48ª das de execución do vixente orzamento prorrogado do Concello de Vigo e a base 5ª das propias deste Organismo Autónomo “a recadación en vía de constrinximento dos ingresos da Xerencia farase utilizando os medios da Tesourería do Concello. A proposta do Xerente, o Tesoureiro dictará a correspondente providencia de apremio”.*



O Concello contabilizará extrapresupostariamente os ingresos por este concepto para o posterior traspaso á Xerencia Municipal de Urbanismo.

En consecuencia, propónse á Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo a adopción do seguinte acordo:

Quedar enterada das seguintes sancións urbanísticas que se remiten ao Tesoureiro do Concello de Vigo para que dicte a correspondente providencia de apremio:

• Antonio Saavedra Saavedra (NIF 76.550.314-N)	300,00 euros
• Amadeo Rodríguez (NIF 35.929.753-G)	300,00 euros
• Jaime Costas Martínez (NIF 35.948.971-V)	300,00 euros
• Roberto Alonso Ucha (NIF 35.966.288-S)	600,00 euros
• Victoria Eugenia Alvarez Larrán (NIF 35.995.718-M)	600,00 euros
• M <sup>a</sup> Elena Alvarez Piñeiro (NIF 36.025.759-P)	600,00 euros
• Antonio Alvarez Larrán (NIF 36.028.769-M)	600,00 euros
• Esther Freijoso Vázquez (NIF 35.958.632-H)	300,00 euros
• Azliena Gestión, S.L. (NIF B-36.942.803)	6.000,00 euros
• Azliena Gestión, S.L. (NIF B-36.942.803)	3.150,00 euros
• Azliena Gestión, S.L. (NIF B-36.942.803)	6.000,00 euros
• Rilope, S.L. (NIF B-36.865.236)	300,00 euros
• Luzada, S.L. (NIF B-36.898.377)	1.861,42 euros
• Herbolinda Amaro Martínez (NIF 34.489.519-F)	300,00 euros
• José David Civeira Blanco (NIF 44.079.662-R)	300,00 euros
• Sara Pereira Caetano (NIF 39.454.830-D)	600,00 euros
• Saure, S.L. (NIF B-36.680.270)	600,00 euros
• Ricardo Gómez Rodríguez (NIF 34.234.441-E)	600,00 euros
• Benito Otero Alonso (NIF 36.003.022-H)	600,00 euros
• Francisco Javier Rodríguez Puime (NIF 36.020.574-K)	300,00 euros
• Carolina Alvarez Garaña (NIF 36.173.987-R)	600,00 euros
• Manuel Seguin Vidal (NIF 14.519.002-E)	300,00 euros
• Manuel Javier Vello Alvarez (NIF 34.627.625-K)	300,00 euros
• Telefónica Móviles España, S.A. (NIF A-78.923.125)	1.000,00 euros
• Francisco Alejandro Costas Otero (NIF 36.099.673-T)	1.000,00 euros
• Julio Otero Mosquera (NIF 35.877.161-J)	1.600,00 euros
• Luisa Fortunato Zarza (NIF 35.976.060-N)	2.000,00 euros
• Unión Fenosa Distribución, S.A. (NIF A-82.153.834)	6.001,00 euros
• Viguesa de Obras, Contratas y Servicios, SL (NIF B36964955)	12.408,00 euros
• M <sup>a</sup> Luisa Fernández González (NIF 36.021.327-S)	20.591,00 euros
• Promoción y Gestión Carulas, S.L. (NIF B-36.909.844)	6.001,00 euros
• M <sup>a</sup> Carmen Agra Fernández (NIF 36.048.293-W)	7.562,00 euros

#### Acordo

A Xunta de Goberno local queda enterada das sancións urbanísticas que se remiten ao Tesoureiro do Concello de Vigo para que dicte a correspondente providencia de apremio:

## ASUNTOS FORA DA ORDE DO DIA

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declarar de urxencia os asuntos seguintes, de conformidade co artº. 51 do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Decreto legislativo 781/1986 de 18 de abril.

### **12(347).- EXPEDIENTE DE CONTRATACION DAS OBRAS DE EFICIENCIA NA XESTIÓN DE RECUSO HÍDRICOS E OUTRAS REDES DE SUBMINISTRACIÓN DE AUGA NA RÚA SANTA CRISTINA. EXPTE. 5090/446.**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, vistos os informes xurídicos do 9.03.10 e 16.03.10, o informe de fiscalización do 17.03.10, e de acordo co informe-proposta do xefe do Servizo de Montes, Parques e Xardíns, do 15.03.10, conformado pola concelleira delegada do Servizo, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aproba-lo proxecto para as obras de eficiencia na xestión dos recursos hídricos e outras redes de subministro de auga na rúa Santa Cristina.

2º.- Aproba-lo prego de prescricións técnicas para a contratación das obras do “Proxecto de eficiencia na xestión dos recursos hídricos e outras redes de subministro de auga na rúa Santa Cristina” redactado polo Xefe de Servizo de Montes, Parques e Xardíns e polo Enxeñeiro de Montes con data febreiro/2010.

3º.- Aproba-lo prego de condicións administrativas particulares elaborado por Técnica de Administración Xeral do Departamento de Contratación con data marzo/2010 para a contratación por concurso, procedemento aberto, das obras de: “Eficiencia na xestión dos recursos hídricos e outras redes de subministro de auga na rúa Santa Cristina”

4º.- Autoriza-lo gasto para a proxecto de contratación das obras de Eficiencia na xestión dos recursos hídricos e outras redes de subministro de auga na rúa Santa Cristina con cargo á partida 4410.639.00.69 do presuposto do 2010 por importe 231.351,94 euros (I.V.E. incluído)

5º.- Convoca-lo procedemento aberto para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

### **13(348).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DAS OBRAS DO “PROXECTO DE PROTECCIÓN E CONSERVACIÓN DO PATRIMONIO HISTÓRICO E PAISAXÍSTICO DOS XARDÍNS DO CASTRO”. EXPTE. 5092/446.**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 12.03.10, o informe de fiscalización do 17.03.10, e de acordo co informe-proposta do xefe do Servizo de Montes, Parques e Xardíns, do 15.03.10, conformado pola concelleira delegada do Servizo, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aproba-lo proxecto para as obras de protección e conservación do patrimonio histórico e paisaxístico dos xardíns do Castro.

2º.- Aproba-lo prego de prescricións técnicas para a contratación das obras do “Proxecto de protección e conservación do patrimonio histórico e paisaxístico dos xardíns do Castro” redactado polo Xefe de Servizo de Montes, Parques e Xardíns e polo Enxeñeiro de Montes con data febreiro/2010

3º.- Aproba-lo prego de condicións administrativas particulares elaborado por Xefe da Oficina Administrativa do Departamento de Contratación con data marzo/2010 para a contratación por concurso, procedemento aberto, das obras de: “Proxecto de protección e conservación do patrimonio histórico e paisaxístico dos xardíns do Castro”

4º.- Autoriza-lo gasto para a Proxecto de protección e conservación do patrimonio histórico e paisaxístico dos xardíns do Castro con cargo á partida 4326.619.00.66 do orzamento do 2010 por importe 356.667,60 euros (I.V.E. incluído)

5º.- Convoca-lo procedemento aberto para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

**14(349).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DAS OBRAS DO “PROXECTO DE CONSTRUCCIÓN, ADECUACIÓN E MELLORA DE CENTROS DE SERVIZOS SOCIAIS, SANITARIOS, CULTURAI E DEPORTIVOS NA ALAMEDA DE BEMBRIVE”. EXPTE. 5097/446.**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 12.03.10, o informe de fiscalización do 17.03.10, e de acordo co informe-proposta do xefe do Servizo de Montes, Parques e Xardíns, do 15.03.10, conformado pola concelleira delegada do Servizo, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aproba-lo proxecto de obra para a construción, adecuación e mellora de centros de servizos sociais, sanitarios, culturais e deportivos na Alameda de Bembrive.

2º.- Aproba-lo prego de prescricións técnicas para a contratación das obras do “Construción, adecuación e mellora de centros de servizos sociais, sanitarios, culturais e deportivos na Alameda de Bembrive” redactado polo Xefe de Servizo de Montes, Parques e Xardíns e polo Enxeñeiro de Montes con data febreiro/2010

3º.- Aproba-lo prego de condicións administrativas particulares elaborado por Xefe da Oficina Administrativa do Departamento de Contratación con data marzo/2010 para a contratación por concurso, procedemento aberto, das obras de: “Construción, adecuación e mellora de centros de servizos sociais, sanitarios, culturais e deportivos na Alameda de Bembrive”.

4º.- Autoriza-lo gasto para a proxecto de contratación das obras de Construción, adecuación e mellora de centros de servizos sociais, sanitarios, culturais e deportivos na Alameda de Bembrive con cargo á partida 4326.619.00.67 do presuposto do 2010 por importe 366.307,26 euros (I.V.E. incluído)

5º.- Convoca-lo procedemento aberto para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

**15(350).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DAS OBRAS DO “PROXECTO DE ADECUACIÓN DUN CARRIL BICI NA AVDA. CASTELAO”. EXPTE. 5091/446.**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 9.03.10 , o informe de fiscalización do 17.03.10, e de acordo co informe-proposta do xefe do Servizo de Montes, Parques e Xardíns, do 15.03.10, conformado pola concelleira delegada do Servizo, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aproba-lo proxecto para as obras de adecuación dun carril bici na Avenida Castelao.

2º.- Aproba-lo prego de prescricións técnicas para a contratación das obras do “Proxecto de adecuación dun carril bici na Avenida de Castelao” redactado polo Xefe de Servizo de Montes, Parques e Xardíns e polo Enxeñeiro de Montes con data febreiro/2010

3º.- Aproba-lo prego de condicións administrativas particulares elaborado por Técnica de Administración Xeral do Departamento de Contratación con data marzo/2010 para a contratación por concurso, procedemento aberto, das obras de: “Adecuación dun carril bici na Avenida de Castelao”

4º.- Autoriza-lo gasto para a proxecto de contratación das obras de Adecuación dun carril bici na Avenida de Castelao con cargo á partida 4326.619.00.68 do presuposto do 2010 por importe 123.566,02 euros (I.V.E. incluído)

5º.- Convoca-lo procedemento aberto para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

**16(351).- PROXECTO DE CONVENIO ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A ASOCIACIÓN VECIÑAL E CULTURAL CASCO VELLO PARA A ORGANIZACIÓN DOS ACTOS DA RECONQUISTA 2010. EXPTE. 3522/335.**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 15.03.10, o informe de fiscalización do 16.03.10, e de acordo co informe-proposta da técnica do Servizo de Animación Sociocultural, do 3.03.10, conformado polo concelleiro delegado da Área de Cultura e Animación Sociocultural, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar o convenio, que de seguido se transcribe, entre o Concello de Vigo e a Asociación veciñal e cultural Casco Vello para a organización dos actos da Reconquista 2010.

2º.- Autorizar un gasto por importe de 55.000,00 euros, en concepto do estipulado no convenio, que se aboará á Asociación veciñal e cultural Casco Vello (CIF G-36.645.885), con cargo á partida presupostaria 4512.227.0604 (Convenio Reconquista) do programa presupostario de Animación Sociocultural para o vixente exercicio.

3º.- Realizar un primeiro pagamento a conta polo 50% do importe do convenio (27.500,00 euros).

4º.- Que os pagamentos se realicen a través da conta de habilitación ANIMACIÓN SOCIOCULTURAL (2080.0000.77.0040277241).

**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A ASOCIACIÓN VECIÑAL E CULTURAL CASCO VELLO PARA A ORGANIZACIÓN DOS ACTOS DA RECONQUISTA 2010.**

*Vigo, a de marzo de dous mil dez.*

**REUNIDOS**

*Dunha parte, D. XESÚS LÓPEZ CARREIRA, CONCELLEIRO DELEGADO DE ANIMACIÓN SOCIOCULTURAL e en representación do Concello de Vigo, CIF P-3605700-H, con domicilio en Vigo, praza do Rei, s/n; no sucesivo O CONCELLO.*

*Doutra parte, D. HENRIQUE MACÍAS CAMBRA, PRESIDENTE e en representación da ASOCIACIÓN VECINAL Y CULTURAL CASCO VELLO DE VIGO, CIF G-36645885, con domicilio na cidade de Vigo, rúa Oliva, 12 - 36202 Vigo; no sucesivo A ENTIDADE.*

**MANIFESTAN**

1. Que a Concellería de Animación sociocultural ten como un dos seus principais obxectivos a dinamización sociocultural dos distintos barrios, como elemento clave para a participación das súas veciñas e veciños, e en especial naquelas celebracións relevantes para toda a cidade como é a Reconquista de Vigo, o 28 de marzo.

2. Que a celebración da Reconquista supón unha importante labor de revitalización do barrio histórico da cidade, mediante a organización de diferentes actividades lúdicas cunha notábel participación da cidadanía e converténdose nun acto de referencia no calendario cultural municipal.

3. Que ambas as partes desexan establecer un marco de colaboración económico e organizativo para a celebración da RECONQUISTA 2010, a través de actividades nas que toda a sociedade viguesa teña a oportunidade de participar, xa que na propia lexislación vixente, concretamente no artigo 72 da Lei 7/1985, reguladora de bases de réxime local, faise referencia á conveniencia da participación de entidades de carácter sociocultural como colaboradores na organización de diversos programas e acontecementos culturais, ofertados polas entidades locais.

Por este motivo, o Concello de Vigo e a mencionada entidade establecen a súa relación mediante o presente convenio, que será rexido polas seguintes

#### CLÁUSULAS

Primeira.- O obxecto do presente convenio é establecer a relación entre A ENTIDADE e O CONCELLO, para a organización conxunta dunha programación conmemorativa da RECONQUISTA 2010 que incluírá as actividades que figuran no Anexo ó convenio e que perseguen como principais fins:

- Dar a coñecer parte da historia da cidade de Vigo.
- Fomentar a participación das xentes dunha forma lúdica.
- Dinamizar cultural e socialmente o barrio.
- Recoñecer o Casco Vello como alternativa cultural e de ocio.

Segunda.- O presuposto total das actividades obxecto do convenio ascende a 55.000,00 euros, con todos os conceptos e impostos incluídos, segundo o orzamento presentado pola ENTIDADE (Anexo ó convenio), e que se financiarán con cargo ós créditos asignados en cada exercicio económico do programa orzamentario de Animación sociocultural.

Terceira.- As obrigas que asume A ENTIDADE son as seguintes:

1. Asumir todo o concernente á organización xeral das actividades obxecto do convenio, achegando toda a infraestrutura e equipo humano necesarios para tal fin.
2. Asumir todos os gastos que se deriven da organización destas actividades e obter todos os permisos e autorizacións de carácter non municipal necesarios para a súa realización.
3. Comezar as actividades do programa á hora anunciada ó público, tendo comprobado con antelación suficiente o correcto funcionamento das instalacións e equipamento, para realizar as correccións técnicas que resulten necesarias.
4. Xestionar e aboar a cantidade que corresponda polos dereitos de autor, de ser o caso, que se xeren pola programación que figura neste convenio.
5. Editar o material gráfico para a difusión das actividades e achegar un mínimo de 50 exemplares á Concellería de Animación sociocultural; este material terá que ser supervisado antes da súa edición polo persoal técnico do servizo e terá que incluír o logotipo do Concello de Vigo, Concellería de Animación sociocultural. Ademais, a ENTIDADE terá que facer mención desta colaboración en toda a difusión que realice a través dos medios de comunicación.

6. *Presentar, a través do Rexistro Xeral, memoria xustificativa das actividades obxecto deste convenio, dentro dos trinta días seguintes á súa finalización, que conterá como mínimo os seguintes elementos:*

a) *Memoria de actuación xustificativa do cumprimento das condicións previstas no presente convenio, con indicación dos actos celebrados, datos de participación, memoria de prensa e informe de incidencias.*

b) *Memoria económica xustificativa do custo final das actividades realizadas, que incorporará:*

- *Balance económico con detalle dos gastos e ingresos finais e desviacións con relación ao orzamento inicial.*

- *Relación clasificada dos gastos totais da actividade, con identificación do acredor, número de factura, CIF/NIF, concepto facturado e importe.*

- *Facturas e demais documentos orixinais de valor probatorio equivalente con validez no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa, polo importe subvencionado. Os ditos documentos, que serán orixinais, deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE; estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas, nin aquelas que non reúnan as esixencias previstas no RD 1496/2003, de 28 de novembro polo que se regulan as obrigas de facturación. Nestas facturas se computará o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto. Non será preciso que nos documentos xustificativos de pago conste de forma expresa que os pagos aos que os mesmos se refiren foron satisfeitos con anterioridade ao proceso de xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención. Se a beneficiaria solicitase a devolución do orixinal presentado, a área xestora da subvención procederá ao estampillado da factura orixinal, indicando no estampillado o motivo da subvención e se o importe do xustificante se imputa total ou parcialmente á subvención recibida; indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. A copia do xustificante orixinal estampillado se incorporará ao expediente e a área xestora da subvención procederá á devolución do orixinal.*

- *Relación detallada de outros ingresos ou subvencións que financiaron a actividade, acreditando o seu importe, procedencia e a aplicación dos ditos fondos ás actividades subvencionadas.*

7. *Todo o material elaborado con cargo ó presuposto do convenio para a representación da Reconquista 2007 (traxes, porta da Gamboa, fusiles, bandeiras, pendóns, etc) é propiedade do Concello de Vigo. Unha vez finalizada a presentación terá que ser depositado (en perfecto estado de conservación e limpeza) nun lugar a determinar pola Concellería de Animación sociocultural.*

8. *Asumir as responsabilidades que poidan derivarse da realización dos programas e actividades.*

9. *A ENTIDADE terá que coordinar co departamento de prensa do CONCELLO todas as presentacións e roldas de prensa previstas obxecto deste convenio e do seu desenvolvemento.*

*Cuarta.- As actividades obxecto deste convenio están destinadas ó público en xeral, con acceso libre e gratuíto, ata completar o aforo do lugar onde se celebren.*

*Quinta.- O CONCELLO aboará o pagamento estipulado na cláusula segunda do convenio (55.000,00 euros), mediante transferencia bancaria á conta corrente número 2080.0045.93.0040010217, domiciliada na entidade Caixanova e da que é titular A ENTIDADE, segundo o seguinte:*

*Un primeiro pagamento á conta por importe de 27.500,00 euros, antes do día 28 de marzo.*

*Un segundo e último pagamento por importe de 27.500,00 euros, para o que A ENTIDADE presentará a través do Rexistro Xeral solicitude de pagamento e a memoria-avaliación das actividades segundo o estipulado na*

cláusula terceira, apartado 6, dentro dos trinta días seguintes á finalización da programación. O pagamento realizarase previa certificación do persoal técnico do servizo de Animación Sociocultural ó cumprimento do clausulado do presente convenio.

Sexta.- O mecanismo de seguimento deste convenio realizarase mediante a constitución dunha comisión mixta, presidida polo concelleiro de Animación sociocultural, e composta por dous membros designados polo Concello de Vigo e un pola Asociación Veciñal e cultural Casco Vello; como secretario actuará un técnico do Concello.

Sétima.- A información sobre as actividades, especialmente en carteis e programas, estará integramente en idioma galego, e terá que ser revisada polo servizo de normalización lingüística do Concello de Vigo. En toda a información figurarán os logotipos do CONCELLO e da ENTIDADE, nas mesmas condicións e tamaños. O material editado deberá contar coa conformidade previa da Concellería de Animación sociocultural do Concello de Vigo e disporá dos depósitos legais que lle correspondan.

Oitava.- O presente convenio terá vixencia anual a contar dende a data da súa sinatura.

Novena.- Este convenio terá carácter administrativo e rexerase polo establecido nas súas propias cláusulas e no non previsto estarase á regulación da Lei de contratos das administracións públicas para o contrato de servizos.

Décima.- O concelleiro de Animación Sociocultural queda facultado para resolver as posíbeis controversias derivadas da execución e interpretación deste convenio, así como para tomar iniciativas que contribúan ó seu cumprimento e desenvolvemento.

E en proba de conformidade, asinan por triplicado e para un só efecto o presente convenio, no lugar e data que se indican

#### Anexo I

#### PROGRAMA RECONQUISTA 2010

Sábado, 6 de marzo		
12:00	Inauguración da exposición "A roupa á beira do mar"	Casa Galega da Cultura (Praza da Princesa, 2)

  

Luns, 15 de marzo		
	Inauguración da exposición do concurso de cartaces da festa da Reconquista 2010 e de tapices de Patchwork	Centro Cívico Casco Vello

  

Mércores, 24 de marzo		
	Charla sobre a Reconquista	Centro Cívico Casco Vello

  

Sábado, 27 de marzo		
10:30	Apertura do Mercado	
12:30	Contacontos	Praza da Pedra
17:30	Inauguración e presentación dos personaxes da festa	Praza da Pedra
18:00	Pasacalles de cabezudos	
18:30	Actuación de Trío Liro (grupo de regueifas)	Praza da Pedra



19:30	Actuación de Cé e a Orquestra Pantasma (home orquestra)	Praza da Pedra
22:00	Concerto	Porta do Sol
23:00	Peche do Mercado	

Domingo, 28 de marzo		
10:00	Apertura do Mercado	
10:00	Representación do mercado de época	Praza da Constitución
12:30	Contacontos	Praza da Pedra
17:30	Representación da Reconquista da Vila de Vigo 2010	Porta do Sol (comezo)
20:00	Concerto de peche	Praza da Pedra
22:00	Peche do Mercado	

Os días 27 e 28 haberá igualmente:

- Demostración de oficios tradicionais;
- Pasacalles por rúas e prazas do Casco Vello (grupos de gaiteras/os, murgas, treboadas; nun total de 25 grupos nos dous días), en horario de 11:00 a 22:00 horas.

Anexo II  
PRESUPOSTO RECONQUISTA 2010

Concepto	Contía
Atrezzo	17.500,00
Animación	22.000,00
Demostración de oficios	5.000,00
Concurso de carteis	1.600,00
Equipo de traballo	5.000,00
Varios	3.900,00
<b>Total</b>	<b>55.000,00</b>

**17(352).- BASES REGULADORAS E CONVOCATORIA ESPECÍFICA PARA A CONCESIÓN DE AXUDAS MUNICIPAIS DE LIBROS, MATERIAL ESCOLAR E COMEDOR PARA ALUMNOS/AS DE CENTROS DOCENTES PUBLICOS E PRIVADOS CONCERTADOS DE EDUCACIÓN INFANTIL (2ª ETAPA), EDUCACIÓN PRIMARIA E SECUNDARIA, CURSO 2010-2011. EXPTE. 50538/301.**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 12.03.10, o informe de fiscalización do 17.03.10, e de acordo co informe-proposta da coordinadora do Servizo de

AMES, conformado polo xefe e a concelleira da Área de Benestar Social, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar as bases das axudas municipais escolares de libros e comedor nos centros públicos e privados con concerto pleno de educación infantil (2ª etapa), educación primaria e secundaria, curso 2010/2011.

2º.- Comprometer o gasto de 40.000 euros para axudas de libros os/as alumnos/as do nivel de educación infantil (2ª etapa), con cargo á partida 3130.4810000, mediante libramento a xustificar que se ingresará na conta habilitada do Departamento de Benestar Social 2080.0000.7.0040242619

3º.- Comprometer o gasto de 570,000 € con cargo á partida 3130.4810000 para axudas municipais escolares de comedor curso 2010-2011. Desta cantidade 228.000 € imputaránse ao exercicio 2010, e o resto, 342.000 € con cargo o exercicio 2011. Ambas dúas cantidades serán aboadas mediante libramento a xustificar que se ingresará na conta habilitada do Departamento de Benestar Social 2080.0000.7.0040242619.

O crédito necesario para o ano 2010, é dicir, 228.000 euros, distribuírse do seguinte xeito: 89.834€ con cargo á partida 4810000 do orzamento 2010 (prorrogado de 2009) e 138.666€ como anticipado de gasto, condicionado a existencia de crédito axeitado e suficiente no orzamento de 2010 que figura aprobado provisionalmente e ao abeiro do previsto na base 29 das de execución orzamentaria vixentes.

*BASES REGULADORAS E CONVOCATORIA ESPECÍFICA PARA A CONCESIÓN DE AXUDAS MUNICIPAIS DE LIBROS, MATERIAL ESCOLAR E COMEDOR PARA ALUMNOS/AS DE CENTROS DOCENTES PÚBLICOS E PRIVADOS CONCERTADOS DE EDUCACIÓN INFANTIL (SEGUNDA ETAPA), EDUCACIÓN PRIMARIA E SECUNDARIA, DO CONCELLO DE VIGO, CURSO 2010/2011.*

*EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:*

*A Constitución española, no seu artigo 39, considera a obrigatoriedade dos poderes públicos de asegurar a protección social, económica e xurídica da familia.*

*A Lei 7/1985, reguladora de bases de réxime local, no seu artigo 25.2.k e a Lei 5/1997, de administración local de Galicia, no seu artigo 80.2.k, establecen a competencia dos municipios na prestación de servizos sociais e de promoción e inserción social.*

*Pola súa parte, o Estatuto de Autonomía de Galicia lexítima a actuación legislativa da Comunidade Autónoma no campo da protección da familia, infancia e adolescencia, nos títulos de competencia xenéricos de asistencia social e de promoción do desenvolvemento comunitario (artigo 27).*

*A Lei 13/2008, do 3 de decembro de 2008 atribúe aos concellos, entre outras competencias, a creación e xestión dos servizos sociais de atención primaria (servizos de atención comunitaria na vova Lei). Do mesmo xeito, determinase en ambas leis que as administracións poderán conceder axudas económicas para apoiar o coidado de menores, paliar situacións transitorias de necesidade, garantir un mínimo de subsistencia e reforzar procesos de integración familiar e inclusión social.*

*A Lei 3/1997, do 9 de xuño, de protección xurídica, económica e social da familia, establece como un dos principios rectores da actuación dos poderes públicos, o de desenvolver unha política integral de apoio á familia que teña en conta as súas necesidades básicas, tales como a vivenda, a educación, a cultura e o traballo, aplicando para a consecución destes fins medidas tanto preventivas como paliativas.*

*O artigo 5 da citada Lei 3/1997, atribúe competencias aos municipios en materia de protección á familia, infancia e a adolescencia, para o que os Concellos actuarán directamente no ámbito familiar achegando recursos e prestacións ás familias que presenten aspectos carenciais.*

*O proxecto de axudas municipais escolares de libros, material escolar e comedor leva facéndose no Concello de Vigo hai mais de vinte anos, observándose un crecemento tanto na demanda coma no seu orzamento. Van destinadas a alumnos/as matriculados en centros docentes públicos e privados concertados, empadroados e pertencentes a unidades familiares en situacións carenciais.*

*Por todo isto convocase a concesión de axudas municipais de libros, material escolar e comedor, no marco xurídico definido da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, os preceptos básicos da lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, así como o Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.*

#### *PRIMEIRA.- Obxecto e finalidade.*

*É obxecto da presente convocatoria regular o procedemento para a concesión de subvencións ás familias do alumnado de centros docentes públicos e privados concertados, de educación infantil (segunda etapa), educación primaria e secundaria obrigatoria, con enderezo en Vigo, para o curso 2010-2011.*

*As axudas de libros, material escolar e comedor van dirixidas, prioritariamente, a menores de familias con dificultades socioeconómicas. Os programas subvencionables serán:*

- 1. Axudas para a adquisición de libros e material escolar para Educación Infantil (2ª etapa).*
- 2. Axudas para comedores escolares (setembro a xuño, ámbolos dous incluídos) para alumnos/as matriculados nos niveis de Educación Infantil (2ª etapa), Educación Primaria e Educación Secundaria Obrigatoria.*

*Estas axudas outorgaranse de acordo aos principios de publicidade, concorrencia e obxectividade.*

O fin último das subvencións é o de favorecer a integración socio laboral dos pais, nais, titores ou acolledores, apoiando a unidade familiar que, por escasez de recursos económicos, non poden afrontar o custo do servizo.

#### SEGUNDA.- Contía

A contía da presente convocatoria ascende a un total de 610.000 € na partida 3130.4810000 do orzamento de gastos do presente exercicio, coa seguinte distribución: 40.000 € para libros e material escolar (educación infantil 2ª etapa) e 570.000 € para axudas de comedor.

#### TERCEIRA.- Publicidade e prazo

A publicación das presentes bases e a resolución das axudas realizarase no taboleiro de anuncios do Concello, nas Unidades Básicas de Acción Social (UBAS) e na páxina de internet [www.vigo.org](http://www.vigo.org), anunciaranse, igualmente, no Boletín Oficial da Provincia a convocatoria, así como o prazo de presentación de solicitudes, que será reiterada por medio de anuncios nos medios de comunicación.

O prazo de presentación de solicitudes fíxase do 5 de abril ao 16 de abril de 2010, ambos inclusive.

As axudas que se concedan a través desta convocatoria, publicaranse no taboleiro de anuncios do Concello e das UBAS nos restantes casos, con expresión do alumno/solicitante/expediente/colexio/finalidade da subvención (libros, material escolar ou comedor), a resolución recaída (concedida-denegada ou lista de espera).

#### CUARTA.- Beneficiarios

O programa para comedores escolares da presente convocatoria engloba dous tipos de beneficiarios, agrupados nas modalidades A e B, que deben reunir os requisitos que se sinalan:

Modalidade A.- Por convocatoria ordinaria.

Modalidade B.- Con carácter excepcional.

Os beneficiarios estarán matriculados, no curso 2010/2011, en centros públicos ou con concerto pleno nos niveis de:

- Educación Infantil (2ª etapa) 3 a 5 anos
- Educación Primaria 6 a 12 anos
- Educación Secundaria Obrigatoria 12 a 16 anos

As subvencións que se otorguen en calquera das modalidades, realizáranse en réxime de concurrencia competitiva.

Os beneficiarios da modalidade B integraranse na lista de espera existente, proveniente da convocatoria ordinaria, en función da puntuación obtida.

#### QUINTA.- Compatibilidade

As axudas municipais escolares de libros, material escolar e comedor son incompatibles con calquera outra axuda para a mesma finalidade de organismos públicos ou privados, agás as que concede o Concello de Vigo a través das FOANPAS e a Consellería de Educación da Xunta de Galicia para comedor, comprometéndose o solicitante a comunicar e/ou reintegrar o concedido polo Concello de Vigo, no caso de ter percibida outra axuda

Os alumnos/as tutelados/as pola Xunta de Galicia tampouco poderán acceder as axudas de libros, material escolar e comedor. No caso de ter axuda de comedor concedida e seren tutelados pola Xunta, esta sería revocada.

#### SEXTA.- Requisitos

Serán requisitos necesarios para solicitar as axudas:

- A unidade familiar deberá estar empadroada e residir de modo efectivo no Concello de Vigo (a comprobación realizarase polo propio Departamento de Benestar Social).
- Convivir cos alumnos/as para os que se solicitan as axudas.
- Estar matriculado ou ter reserva de matrícula para o curso escolar da respectiva convocatoria.
- Con respecto á axuda de comedor débese contar con praza no mesmo, de non ser así aínda tendo concedida a axuda non se fará efectiva.
- Que os/as alumnos/as para os/as que se solicitan as axudas estean matriculados en centros públicos ou con concerto total, en segunda etapa de Educación Infantil, Educación Primaria e Educación Secundaria Obrigatoria.
- Ter presentado a solicitude e documentación durante os prazos estipulados.
- Que a renda per cápita mensual da unidade familiar non exceda de 75% do IPREM para o ano 2010, equivalente a 399 euros
- Que os centros educativos para os que se solicita a axuda estén ubicados no termo municipal de Vigo.

Para os efectos destas axudas enténdese por unidade familiar:

- a) A formada polos cónxuxes e seus descendentes, que convivan habitualmente.

- b) *Nos casos de separación legal, viuvez, familia monoparental ou unión de feito sen vínculo matrimonial, a formada polos respectivos titulares cos seus descendentes, que convivan habitualmente.*
- c) *A formada polo posible beneficiario e seus acolledores de feito ou de dereito, que convivan habitualmente.*
- d) *A separación transitoria motivada por razóns de estudo, traballo, tratamento médico ou outras causas similares, non rompen a convivencia para estes efectos.*

#### SÉTIMA.- Sistemas de solicitude e documentación

##### Solicitude:

*Os solicitantes, independentemente de que obtivesen axuda na convocatoria anterior, deberán participar como demandantes de nova convocatoria, na modalidade A da base cuarta, para o que subscribirán impreso de solicitude segundo modelo I.*

##### Documentación

- a) *Fotocopia do DNI, NIE ou pasaporte do solicitante.*
- b) *Fotocopia do libro de familia completo ou documentación oficial acreditativa dos membros da unidade familiar coas súas datas de nacemento.*
- c) *Fotocopia da declaración do IRPF –exercicio 2008- no caso de traballadores autónomos, correspondente a cada un dos membros computables da unidade familiar nesta situación laboral.*
- d) *Xustificantes de ingresos de todos os membros da unidade familiar maiores de 18 anos:*

- *Traballadores en activo:*

*Traballadores por conta allea: fotocopia das nóminas de xaneiro, febreiro e marzo de 2010.*

*Traballadores autónomos:*

- a) *Fotocopia das nóminas de xaneiro, febreiro e marzo de 2010.*
- b) *Fotocopia da declaración de patrimonio, ano 2008 (Xunta –Consellería de Economía e Facenda).*
- c) *Fotocopia pagamento a conta do IRPF do primeiro trimestre do ano 2010 para empresarios e profesionais (modelo 130 ou 131).*

- *Para pensionistas: xustificante de pensión/s mensual/ais (viudedade, orfandade, non contributiva, etc...) no seu caso, certificado negativo emitido polo INSS correspondente o ano 2010.*
- *Para demandantes de emprego con prestacións:*
  - *Certificado das prestacións do INEM de xaneiro, febreiro e marzo de 2010.*
  - *Vida laboral da Tesorería da Seguridade Social.*
- *Para demandantes de emprego sin prestacións:*
  - *Fotocopia tarxeta demanda de emprego (certificado de inscrición como demandante de emprego) (Xunta)*
  - *Vida laboral da Tesorería da Seguridade Social.*
- *Para perceptores da RISGA:*
  - *Aportarán únicamente o xustificante da contía mensual que percibe.*

*Nos supostos en que exista imposibilidade de documentar determinadas situacións de carencia económica, esta deberá acreditarse mediante declaración xurada dos interesados.*

- a) *Para os/as alumnos/as de Educación Infantil (2ª etapa) que soliciten, libros e material escolar, aportarán un xustificante do centro educativo no que se faga constar que para o curso 2011/12 están matriculados/as ou teñen reserva de matrícula neste nivel educativo.*
- b) *Para os/as alumnos/as de Educación Infantil (2ª etapa), primaria ou secundaria obrigatoria que soliciten axudas de comedor, aportarán un xustificante do centro escolar no que se faga constar que teñen interés no servizo de comedor para o curso 2010/2011.*
- c) *Fotocopia da certificación do grao de minusvalidez no caso de que algún membro da familia esté afectado por ela, ou resolución de invalidez.*
- d) *Calquera outra que se considere conveniente na instrucción do procedemento da resolución.*
- e) *No suposto de resultar beneficiario das axudas de libros e material escolar no momento de recibir o talón presentará factura xustificativa orixinal.*

*No caso de que algúns documentos requiridos no poidan presentarse por impedimento legal ou administrativo, substituirase por unha declaración de compromiso/xurada.*

*OITAVA.- Formalización de solicitudes*

Os solicitantes das axudas consideradas nas presente bases presentarán as súas solicitudes a través do Rexistro Xeral Municipal ou por calquera dos procedementos establecidos no artigo 38.4 da Lei 30/1992 do 26 de novembro de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común na súa redacción dada pola Lei 4/1999 do 13 de xaneiro.

#### NOVENA.- Tramitación e reparación de erros

A instrucción do procedemento de concesión das axudas convocadas, correspóndelle ao Departamento de Benestar Social, que recibirá as solicitudes e comprobará os requisitos esixibles e a documentación acreditativa, e si fora o caso, requerirá para subsanación da solicitude ou documentación perceptiva de acordo co establecido no artic. 71.1 da Lei de réxime xurídico das administracións públicas, para que no prazo de 10 días hábiles, enmiende a falta ou acompañe os documentos requiridos; informaráselle de que, de non o facer, teráselle por desistido da súa petición, tras a resolución que deberá ser ditada nos termos do artigo 42 da Lei 30/1992, modificada pola Lei 4/1999.

#### DECIMA.- Criterios de valoración

As solicitudes valoraranse tendo en conta os aspectos sociais e económicos dos compoñentes da unidade familiar, que sumadas conformarán a puntuación final.

No caso de igualdade na puntuación final entre solicitantes, establecerase a lista de concesión por orden inverso á da contía da renda per cápita da unidade familiar.

##### 1. Aspectos sociais

- |   |            |
|---|------------|
| • Por cada menor de 16 anos.....  | 1 punto    |
| • Familia monoparental.....   | 1,5 puntos |
| • Por cada alumno solicitante en acollemento familiar.....                    | 2 puntos   |
| • Por cada membro da unidade familiar en situación de desemprego.....         | 2 puntos   |
| • Perceptor/a de RISGA o Pensión Non Contributiva.....                        | 5 puntos   |
| (incompatible con situación de desemprego)                                    |            |
| • Por cada membro afectado por algunha minusvalía legalmente calificada ...   | 1 punto    |
| • Cando o menor se atope en situación de risco ou desprotección, un máximo de | 3,5 puntos |

Ás situacións de risco ou desprotección valoradas polos/as técnicos/as de servizos sociais, corresponderán as seguintes valoracións:



- *Disfuncionalidade da dinámica familiar que se orixina pola tensión xerada polas situacións de inestabilidade laboral e/ou precariedade económica..... 0,50 puntos.*
- *Dificultades de atención ao menor por parte da súa familia, orixinada pola ausencia de hábitos de coidados adecuados ou a existencia de antecedentes de risco ... 0,50 puntos.*
- *Dificultades de atención ao menor a causa de enfermidades físicas e/ou psíquicas dos seus coi-dadores (alcohol, drogas, discapacidades) ..... 0,50 puntos.*
- *Problemas de desaxuste familiar ou socio-familiar que poida afectar ao desenvolvemento nor-malizado do menor ..... 0,50 puntos.*
- *Problemas específicos do menor ..... 0,50 puntos (rexei-tamento social, fracaso escolar, absentismo, conflito na escola, etc.)*
- *Menores en proceso de intervención social en programas municipais ..... 0,50 puntos.*
- *Menores que habitan en vivendas con características de infravivenda, chavolismo ou amoroa-mento ..... 0,50 puntos.*

*TOTAL ATA..... 3,50 PUNTOS*

*A puntuación destes aspectos sociais son acumulables.*

## 2. Aspectos económicos

*A valoración económica farase tendo en conta a renda per cápita mensual da unidade familiar.*

- *0 a 49,88 ..... 8.5*
- *49.89 a 99.76 ..... 7.5*
- *99.77 a 149.64 ..... 6.5*
- *149.65 a 199.52 ..... 5.5*
- *199.53 a 249.40 ..... 4.5*
- *249.41 a 299.28 ..... 3.5*
- *299.29 a 349.16 ..... 2.5*
- *349.17 a 399.00 ..... 1.5*

### DÉCIMO PRIMEIRA.- Comisión de valoración

*A Comisión de Valoración quedará integrada polo/a Concelleiro/a Delegado/a que actuará de presi-dente; o xefe de área de Acción Social; a xefa de Servicio, técnica responsable do programa e a téc-nica do departamento xurídico administrativo que actuará como secretaria. Este órgano colexiado emitirá informe no que se concrete o resultado da avaliación.*

### DÉCIMO SEGUNDA.- Concesión e resolución das axudas

O/a instructor/a do procedemento avaliará as solicitudes de conformidade cos criterios e valoración que se determinan na base décima, e fará constar expresamente que da información que obra no seu poder, se desprende que os beneficiarios cumpren todos os requisitos necesarios para acceder ás subvencións. O/a instructor/a do procedemento solicitará unha avaliación previa dos/as profesionais responsables das Unidades Básicas de Acción Social.

Rematada a instrucción do expediente, este remitiráselle á Comisión de Valoración establecida na base undécima.

A proposta de resolución conterá a relación na que se indicará todos os solicitantes que participan na convocatoria, os/as alumnos/as, puntuación, expediente, colexio, curso, concepto (libros, material escolar e comedor), resolución das axudas, co seu estado de concedido, denegado ou lista de espera.

- Concedidas.- Reseñarase a subvención individual de cada beneficiario, tendo en conta que o importe total das mesmas no poden superar o crédito consignado.
- Denegadas.- Farase constar algúns dos seguintes motivos :
  - A solicitude foi presentada fóra de prazo.
  - Non aportan a documentación requerida.
  - Non estar empadroados.
  - Matriculado nun centro privado sen concerto.
  - Supera os ingresos.
  - O centro non conta co servizo de comedor.
  - O/A alumno/a non está matriculado/a.
  - Por non cumprimento do requisito de excepcionalidade.
- Lista de espera: coa súa correspondente puntuación.

A Xunta de Goberno Local, a proposta da instructora do procedemento, previo informe da Comisión de Valoración, acordará a aprobación definitiva das subvencións con cargo á partida 3130.4810000 “Becas libros, material escolar e comedor” do orzamento de Benestar Social Concello do ano 2010, por uns importes máximos de 40.000€ para axudas de libros e material escolar de Educación infantil (2ª etapa) e 570.000 € para comedor do curso 2010/2011.

#### DECIMO TERCEIRA.- Contía , pagamento das axudas e xustificación.

##### 1.- Contía para libros e material escolar

Educación infantil (3, 4 e 5 anos) ..... 75,00 € / alumno/a

O pagamento destas axudas realizarase dunha soa vez por medio de cheque bancario, tras a presentación de facturas orixinais. Ditos cheques aboaráanse no Departamento de Benestar Social do Concello de Vigo ata o 30 de outubro de 2010.

*Nos casos especiais e tendo en conta a situación social da familia subvencionada, o pagamento da axuda, tras a delegación escrita do beneficiario, aboaráselle ao/a profesional da UBAS ou programa correspondente, que disporá o pago da contía que se subvenciona directamente no establecemento subministrador do material escolar.*

#### 2.- Contía para comedor

*O prezo da praza de comedor será comunicado polo Centro escolar, previamente deducidas as subvención recibidas ou pendentes de recibir, para a mesma finalidade, ao Departamento de Benestar Social do Concello,*

*A axuda municipal de comedor, por mes e alumno/a será como máximo de 41 € .*

*Nos meses con menos de dezaseis días lectivos, aboarase o 70% do coste total do comedor.*

*A diferenza, de habela, entre o prezo da praza e a axuda municipal deberá ser pagada polo pai, nai ou titor.*

#### 3.- Pagamento das axudas

*As axudas concédense ás familias e pagaránse aos centros, que actuarán como entidades colaboradoras nos termos previstos na Lei 38/2003, xeral de subvenciones, e na Lei 9/2007, de subvencións de Galicia. Os centros asumen o compromiso de xestionar a aplicación dos fondos, de acordo a sua finalidade, responsabilizándose de comunicar as baixas e os traslados dos/as alumnos/as beneficiarios/as ao Departamento de Benestar Social.*

#### 4.- Pago á entidade colaboradora e seguemento das axudas.

*O pago realizarase mediante transferencias dende a conta habilitada 2080-0000-74-0040242619 do Departamento de Benestar Social á conta corrente de cada un dos centros educativos cos que se conveña a colaboración para a xestión destas axudas.*

*A xustificación dos ingresos na entidade colaboradora acreditarase mediante o soporte documental da transferencia.*

*As propostas de abonamento aos centros educativos faranse de xeito anticipado en tres prazos:*

- O primeiro, ao longo do primeiro trimestre do curso escolar, por un importe máximo estimado correspondente ao 40 por 100 do importe correspondiente á resolución definitiva de beneficiarios/as.*
- O segundo, no segundo trimestre do curso escolar, ata completar un importe máximo correspondente ao 80 por 100 de todas as becas efectivamente concedidas para o curso escolar, previo reaxuste das cantidades abonadas no primeiro pago.*
- O terceiro, no último trimestre do curso escolar, ata completar o 100 por 100 do importe total de todas as becas, en función das necesidades reais satisfeitas nos pagos anteriores e previo reaxuste da cantidade concedida nos mesmos.*

*Unha vez finalizado o curso escolar, a dirección do centro certificará a utilización do servizo de comedor durante todo ou parte do curso por parte dos/as alumnos/as beneficiarios/as e a aplicación dos fondos recibidos ao pago dos servizos de comedor, achegando á mesma os listados de firmas dos pais, nais e/ou titores.*

*No pago do segundo e tercer aboamento regularizaranse os correspondentes axustes debidos aos traslados ou renuncias dos alumnos/as beneficiarios/as, tendo que reintegrar, en todo caso as cantidades que correspondan as baixas producidas e non cubertas con alumnos/as da lista de espera.*

*O traslado de centro docente o longo do curso dentro do municipio, non supón para o beneficiario, a perda da axuda, sempre e cando, no novo centro exista dispoñibilidade de praza e sexa comunicado ao Departamento de Benestar Social para a súa autorización. O traslado, de producirse, surtirá efectos a partir do primeiro día do mes seguinte.*

*Se o/a alumno/a trasladarase sen finalizar o mes a outro centro, será a familia a que se faga cargo do abono do comedor.*

*De producirse baixas entre os beneficiarios das axudas escolares de libros, material escolar e comedor, estas serán cubertas por outros alumnos, que téndoa solicitada por calquera das modalidades fixadas na cláusula cuarta, atópanse na lista de espera con maior puntuación, independentemente do colexio ao que pertenza, sempre que exista crédito.*

#### DÉCIMO CUARTA.- Reclamacións

*O prazo de resolución e de notificación non excederá de seis meses contados desde o inicio do prazo de presentación de solicitudes.*

*A resolución do procedemento notificaráselles aos interesados conformne ao previsto no artigo 58 da Lei 30/1992, de 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.*

*O vencemento do prazo máximo sen terse notificada a resolución lexitima aos interesados para entender desestimada por silencio administrativo a solicitude de concesión da axuda.*

*Contra estas bases e as resolucións administrativas que se adoptan na súa execución poderá interpoñerse, potestativamente, recurso de reposición perante o órgano que a dictou no prazo dun mes. Entenderase desestimado si transcorre outro mes sin contestar; neste caso poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso Administrativo tal como prevé o artigo 8 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da Xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses.*

*Os prazos contaranse a partir do día seguinte da publicación.*

*Contra a resolución individual poderán interpoñerse no prazo dun mes contado a partir do día seguinte da publicación da resolución no tablón de anuncios do Concello e das Unidades Básicas de Acción Social.*

#### DÉCIMO QUINTA.- Modalidade excepcional

*Co fin de dar protección as situacións carenciais ou excepcionais do alumnado que se poideran presentar ao longo do curso escolar, unha vez resoltas as axudas da convocatoria ordinaria, poderán solicitarse axudas con carácter excepcional, debidamente xustificada ante a Comisión de Valoración a que alude a base décimo primeira, e a conseguinte aprobación da Xunta de Goberno Local, sempre e cando cumpran os requisitos para solicitar, acheguen a documentación requirida, reseñen a causa da excepcionalidade da solicitude e exista dispoñibilidade orzamentaria.*

*Unha vez resolta pasará a formar parte da lista de espera única proveniente da convocatoria ordinaria.*

#### DÉCIMO SEXTA.- Obrigas dos beneficiarios

*Serán obrigas dos bebenficiarios das subvencións, ademais das previstas nestas bases e convocatoria e das sinaladas no artigo 11 da Lei de Subvencións de Galicia, as que seguen:*

*Utilizar o servizo de comedor todo o mes, agás causas xustificadas.*

*Comunicarlles ás Unidade Básicas de Acción Social que lle corresponda por enderezo ou ó centro educativo as baixas.*

*O cumprimento das normas establecidas no regulamento interno do centro educativo para o servizo de comedor ao que pertence o alumno/a, o Consello Escolar do centro poderá adoptar as medidas que crean oportunas. Se a medida adoptada fose a expulsión do servizo de comedor, a axuda suspenderase polo tempo que esta dure.*

*O pai, nai ou titor está obrigado a asinar os listados da axuda de comedor no centro escolar no que estea matriculado o alumno/a.*

- O aboamento por parte do pai, nai ou titor da diferenza, de existir, entre o prezo real do comedor e a axuda percibida.*

#### DÉCIMO SÉTIMA.- Revocación e réxime sancionador

- a) No caso das axudas de libros e material escolar, revocarase a subvención concedida cando esta non fora destinada ao fin para o que foi concedida.*
- b) No caso de axudas para comedor, cando o Concello teña coñecemento da ausencia a este sen causa xustificada, por un período continuado de catro días, ou tres alternos no período dun mes, poderá sancionarse o/a alumno/a coa suspensión temporal ou definitiva para o curso 20010-2011.*

*A suspensión comenará sempre o primeiro día do mes e de tratarse dunha suspensión temporal, o reinicio será tamén a primeiros do mes estipulado.*

- c) *Todas as demais causas de reintegro que contén o Título II da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.*

**DÉCIMO OITAVA.- Norma final**

*En todo aquilo non previsto nas presentes bases, serán de aplicación as normas básicas da Lei xeral de subvencións e da Lei de subvencións de Galicia sobre causas de invalidez (artigo 36 LXS e 32 LSG), causas e réxime de reintegro da subvencións (artigo 37 LXS e 33 LSG), réxime de infraccións e sancións en materia de subvencións e, en xeral, con carácter pleno ou supletorio, no non previsto, a Lei xeral de subvencións e o seu regulamento de desenvolvemento, RD 887/2006, de 21 de xuño; a lexislación básica do Estado de réxime local; a Lei 9/2007, de subvencións de Galicia; as bases de execución do orzamento do Concello de Vigo para o ano 2010; as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.*

**18(353).- OBRAS E SERVIZOS PARA PRESENTAR Á CONVOCATORIA DE PROGRAMAS DE COOPERACIÓN, ANO 2010. EXPTE. 6821/77.**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, e de acordo co informe-proposta do xefe de Promoción, Económica e Emprego, do 16.03.10, conformado polo concelleiro de Promoción Económica, emprego e Participación Cidadá, a Xunta de Goberno local acorda:

- 1º.- Aprobar as memorias para presentar á convocatoria de Programas de Cooperación 2010, que se resumen no cadro adxunto.
- 2º.- Solicitar á Xunta de Galicia unha subvención de 3.794.664,71€ para o desenvolvemento das memorias aprobadas.
- 3º.- Asumir as obrigas económicas que ao Concello de Vigo lle podan corresponder no desenvolvemento destes proxectos, no caso de seren aprobados pola Xunta de Galicia.
- 4º.- Delegar no concelleiro de Promoción Económica, Emprego e Participación Cidadá a representación do concello na tramitación da solicitude de subvención diante da Consellería de Traballo e Benestar da Xunta de Galicia.

Servizo solicitante	Denominación do proxecto	Duración (meses)	Traballadores/as	Categoría acordo marco	Salario/mes	Custe traballador	Custe categoría	Custe proxecto	Subvención solicitada	
Deportes	Implementación da plataforma informática de xestión documental...	9	1	Lcdo/a. CC. Actividade Física e deporte	Licenciado	1.592,35 €	14.331,15 €	14.331,15 €	66.015,45 €	66.015,45 €
			1	Técnico/a Informático	Xefe Admvo.	1.148,54 €	10.336,86 €	10.336,86 €		
			4	TSAFD	Xefe Admvo.	1.148,54 €	10.336,86 €	41.347,44 €		
Distritos	A difusión na rede	12	1	Administrativo/a	Oficial Admvo.	1.123,20 €	13.478,40 €	13.478,40 €	131.258,64 €	147.112,68 €
			1	Lcdo./Traducción e Interpretación (Gallego)	Licenciado	1.592,35 €	19.108,20 €	19.108,20 €		
			2	Lcdo./Traducción e Interpretación (Inglés)	Licenciado	1.592,35 €	19.108,20 €	38.216,40 €		
			2	Técnico/a Informático	Xefe Admvo.	1.148,54 €	13.782,48 €	27.564,96 €		
			1	Fotógrafo	Xefe Admvo.	1.148,54 €	13.782,48 €	13.782,48 €		
	1	Lcdo/a. Historia	Licenciado	1.592,35 €	19.108,20 €	19.108,20 €				
	Seguimento dos grandes proxectos	12	1	Aparellador/a	Diplomado/a	1.321,17 €	15.854,04 €	15.854,04 €		
Electromecánicos	Melloras nas instalacións de alumado público	6	2	Oficial Electricista	Oficial Construcción	1.174,22 €	7.045,32 €	14.090,64 €	83.202,00 €	83.202,00 €
			2	Axudante Electricista	Peón construción	1.118,31 €	6.709,86 €	13.419,72 €		
			2	Conductor	Oficial Construcción	1.174,22 €	7.045,32 €	14.090,64 €		
			1	Oficial Albanel	Oficial Construcción	1.174,22 €	7.045,32 €	14.090,64 €		
			1	Axudante Albanel	Peón construción	1.118,31 €	6.709,86 €	13.419,72 €		
			1	Ferreiro-soldador	Oficial Construcción	1.174,22 €	7.045,32 €	14.090,64 €		
Limpeza	Plan de limpeza e retirada de pasquins, carteis, pegatinas e pintadas no centro de Vigo	12	8	Peón	Peón construción	1.118,31 €	13.419,72 €	107.357,76 €	134.926,80 €	
			1	Conductor	Oficial Construcción	1.174,22 €	14.090,64 €	14.090,64 €		
			1	Administrativo	Oficial Admvo.	1.123,20 €	13.478,40 €	13.478,40 €		
	Plan de atención permanente no rural	12	26	Peón	Peón construción	1.118,31 €	13.419,72 €	348.912,72 €	687.352,84 €	802.279,44 €
			13	Oficial Xardinería ou Forestal	Oficial Xardinaxe	1.147,86 €	13.774,32 €	179.066,16 €		
			6	Conductor	Oficial Construcción	1.174,22 €	14.090,64 €	84.543,84 €		
			1	Mecánico	Oficial Construcción	1.174,22 €	14.090,64 €	14.090,64 €		
			1	Delineante	Xefe Admvo.	1.148,54 €	13.782,48 €	13.782,48 €		
			2	Administrativo	Oficial Admvo.	1.123,20 €	13.478,40 €	26.956,80 €		
Parques e Xardíns	Supresión de barreiras arquitectónicas e reforma de instalacións	12	1	Enx. Téc. Forestal ou Agrícola	Diplomado/a	1.321,17 €	15.854,04 €	15.854,04 €	878.960,40 €	878.960,40 €
			1	Arquitecto Téc. Xardineiro	Diplomado/a	1.321,17 €	15.854,04 €	15.854,04 €		
			7	Oficial Xardineiro	Oficial Xardinaxe	1.147,86 €	13.774,32 €	96.420,24 €		
			11	Oficial Albanel	Oficial Construcción	1.174,22 €	14.090,64 €	154.997,04 €		
			1	Oficial Ferreiro	Oficial Construcción	1.174,22 €	14.090,64 €	14.090,64 €		
			2	Oficial Fontaneiro	Oficial Construcción	1.174,22 €	14.090,64 €	28.181,28 €		
			5	Oficial conductor	Oficial Construcción	1.174,22 €	14.090,64 €	70.453,20 €		
36	Peón	Peón construción	1.118,31 €	13.419,72 €	483.109,92 €					
Participación Cidadá	Internet: usos e potencialidade	12	2	Monitor novas tecnoloxías	Xefe Admvo.	1.148,54 €	13.782,48 €	27.564,96 €	27.564,96 €	27.564,96 €
Persoal	Implantación de procesos de mellora na xestión e organización do servizo de recursos humanos e Área de Réxime Interior do Concello de Vigo	9	2	Administrativo/a	Oficial Admvo.	1.123,20 €	10.108,80 €	20.217,60 €	20.217,60 €	20.217,60 €
Promoción Económica e Emrego	Impulso do uso do tempo como medio de conciliación	12	4	Animador Sociocultural	Oficial Admvo.	1.719,08 €	20.628,96 €	82.515,84 €	82.515,84 €	
			1	Técnico/a en PRL	Diplomado/a	2.526,75 €	30.321,00 €	30.321,00 €		
	Equipo de apoio para os programas de cooperación	12	1	Técnico Xestión	Diplomado/a	2.526,75 €	30.321,00 €	30.321,00 €	111.591,96 €	
			1	Titoría	Diplomado/a	2.526,75 €	30.321,00 €	30.321,00 €		
			1	Administrativo	Oficial Admvo.	1.719,08 €	20.628,96 €	20.628,96 €		
	Melloras das infraestruturas vias no rural	12	3	Oficial Albanel	Oficial Construcción	1.174,22 €	14.090,64 €	42.271,92 €	112.725,12 €	
			1	Oficial Fontaneiro	Oficial Construcción	1.174,22 €	14.090,64 €	14.090,64 €		
			2	Oficial conductor	Oficial Construcción	1.174,22 €	14.090,64 €	28.181,28 €		
			1	Conductor-Palista	Oficial Construcción	1.174,22 €	14.090,64 €	14.090,64 €		
				1	Oficial Mecánico	Oficial Construcción	1.174,22 €	14.090,64 €	14.090,64 €	
Turismo e comercio	Deseño e implementación do servizo de guías virtuais para Vigo en inglés e portugués. Experiencia piloto	6	3	Dº Turismo	Diplomado/a	1.321,17 €	7.927,02 €	23.781,06 €	44.454,78 €	
			3	Técnico/a Informático	Xefe Admvo.	1.148,54 €	6.891,24 €	20.673,72 €		
	Plataforma de comercialización do pequeno e mediano comercio de Vigo	8	3	Técnico/a Informático	Xefe Admvo.	1.148,54 €	9.188,32 €	27.564,96 €	61.442,48 €	105.897,26 €
1			Lcdo. Admón. Empres/a/Economista	Licenciado	1.592,35 €	12.738,80 €	12.738,80 €			
Vias e obras	Mantenimento das zonas viarias do Concello de Vigo	12	2	Técnicos RRHH	Diplomado/a	1.321,17 €	10.569,36 €	21.138,72 €	1.311.091,44 €	1.311.091,44 €
			1	Administrativo	Oficial Admvo.	1.123,20 €	13.478,40 €	13.478,40 €		
			4	Capataz	Capataz	1.200,71 €	14.408,52 €	57.634,08 €		
			8	Oficial Pavimentador	Oficial construción	1.174,22 €	14.090,64 €	112.725,12 €		
			42	Peón	Peón construción	1.118,31 €	13.419,72 €	563.628,24 €		
			14	Conductor	Oficial Construcción	1.174,22 €	14.090,64 €	197.268,96 €		
			2	Oficial Mecánico	Oficial construción	1.174,22 €	14.090,64 €	28.181,28 €		
			12	Oficial Albanel	Oficial construción	1.174,22 €	14.090,64 €	169.087,68 €		
			3	Oficial Carpinteiro	Oficial construción	1.174,22 €	14.090,64 €	42.271,92 €		
			3	Oficial Ferreiro	Oficial construción	1.174,22 €	14.090,64 €	42.271,92 €		
6	Oficial Canteiro	Oficial construción	1.174,22 €	14.090,64 €	84.543,84 €					
Voluntariado	Actuacións para o fomento do voluntariado	12	1	Técnico/a en Xestión Admva.	Xefe Admvo.	1.148,54 €	13.782,48 €	13.782,48 €	29.636,52 €	45.490,56 €
			1	Educador/a Social	Diplomado/a	1.321,17 €	15.854,04 €	15.854,04 €		
	Voluntarios/as en acompañamento	12	1	Educador/a Social	Diplomado/a	1.321,17 €	15.854,04 €	15.854,04 €	15.854,04 €	
<b>TOTAL</b>	<b>17</b>		<b>277</b>					<b>3.794.664,71 €</b>	<b>3.794.664,71 €</b>	

**19(354).- CONVOCATORIA ESPECÍFICA PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCIÓNS A ASOCIACIÓN E ENTIDADES SEN ÁNIMO DE LUCRO PARA MANTEMENTO E REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES DA ÁREA DOS SERVIZOS SOCIAIS – EXERCICIO 2010. EXPTE. 50140/301.**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 9.03.10, o informe de fiscalización do 16.03.10, e de acordo co informe-proposta da técnica de actividades económicas de Servizos Sociais, conformado pola concelleira delegada da Área de Benestar Social, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar a convocatoria específica para a concesión de subvencións a asociacións e entidades sen ánimo de lucro para mantemento e para a realización de actividades da área dos servizos sociais, para o exercicio 2010

2º.- Autorizar o crédito de 100.000 € con cargo á partida 3130.489.00.00 “Subvencións a asociacións, entidades, etc.” do vixente orzamento.

*BASES REGULADORAS E CONVOCATORIA ESPECÍFICA PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCIÓNS A ENTIDADES E ASOCIACIÓNS DE CARÁCTER SOCIAL, SEN ÁNIMO DE LUCRO, PARA MANTEMENTO E PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES DA ÁREA DOS SERVIZOS SOCIAIS NO ANO 2010*

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

*A Lei 7/1985 reguladora de bases de réxime local, no seu artigo 25.2.k e a Lei 5/97 de Administración Local de Galicia no seu artigo 80.2.k), establecen a competencia dos municipios na prestación dos servizos sociais de carácter local, prestados polas entidades de iniciativa social e sen ánimo de lucro.*

*A Lei 13/2008, de 3 de decembro, de Servizos Sociais no seu artigo 58 atribúelle as corporacións locais competencias en materia de servizos sociais, e no artigo 60, enumera as competencias concretas dos concellos na referida materia; dentro destas, o apartado c) di: “a colaboración no fomento dos servizos sociais prestados por entidades de iniciativa social, así como a promoción de mecanismos de coordinación das actuacións realizadas por elas, evitando no posible a duplicidades e infrutilización dos equipamentos sociais”. Asemade, no apartado f) do mesmo artigo recolle como competencia “o fomento e a promoción da solidariedade e da participación da sociedade civil na prevención e intervención social no ámbito local” Compre suliñar tamén que a lei de Servizos Sociais establece no seu Capítulo 1, unha nova estrutura do sistema galego de Servizos Sociais; así, a estrutura básica, según se establece no artigo 8 é en forma de rede, con dous niveis de actuación: a) Servizos sociais comunitarios, que comprenden, a súa vez, dúas modalidades: servizos sociais comunitarios básicos e servizos sociais comunitarios específicos. b) Servizos sociais especializados*



Co obxecto de fomentar as actividades das asociacións e entidades no ámbito dos servizos sociais e coadxuvar subsidiariamente o seu financiamento, o Concello de Vigo a través da Concellería de Benestar Social convoca as subvencións para entidades e asociacións de carácter social, sen ánimo de lucro que actúen no ámbito dos servizos sociais, no marco xurídico da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, os preceptos básicos da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, así como os do Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, así como as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto as normas de dereito privado.

A convocatoria destas subvencións efectúase baixo os principios de publicidade, concorrència e obxectividade.

Primeira.- Obxecto e finalidade

É obxecto das presentes bases regular a concesión, en réxime de concorrència competitiva, de axudas económicas a entidades e asociacións de carácter social, sen ánimo de lucro, para mantemento das entidades e para a realización de actividades da área dos servizos sociais no ano 2010, dentro dos niveis de actuación que establece a Lei de Servizos Sociais de Galicia, e que ademais efectúen as actividades en Vigo e cumpran os requisitos que se indican nas presentes bases.

As axudas irán destinadas a cubrir gastos derivados do mantemento das entidades, e de programas, proxectos ou actividades da área de servizos sociais que presenten as asociacións, durante o ano 2010.

Segunda.- Programas subvencionables:

Poderán subvencionarse:

- Programa de actividades de entidades que operan no ámbito dos servizos sociais .
  1. Este programa está dirixido a subvencionar proxectos ou actividades que se poidan integrar nunha ou varias áreas de actuación dos servizos sociais.
  2. O ámbito espacial destas actividades será o termo municipal de Vigo, subvencionándose excepcionalmente aquelas que inclúan programas de intercambio con outras asociacións, debidamente xustificadas e que teñan unha relación ou implicación directa coa actividade da asociación e os obxectivos desta convocatoria.
- Mantemento das entidades que operan no ámbito dos servizos sociais.
- e) Este programa está dirixido a subvencionar os gastos correntes de funcionamento e mantemento das súas entidades, entendidas como espazos xestores das súas actividades.

As entidades que operan nos ámbitos indicados poden solicitar a subvención por un concepto ou ambos, non sendo excluíntes, tendo en conta o indicado na Base Terceira da presente convocatoria.

Exclúense expresamente desta convocatoria as solicitudes seguintes:

1. Aquelas que para os mesmos conceptos foran solicitados noutras áreas ou servizos do Concello de Vigo,

2. *Aquelas que aínda que sólo se presentaran na Area de Servizos sociais, teñen unha relación e canle máis específica de subvención con outras áreas do Concello de Vigo, ou doutras administracións. ou aquelas que pola súa natureza ou obxectivo, non se encadren dentro do ámbito de actuación dos Servizos Sociais.*
3. *Aquelas en que o obxecto da súa petición estea incluído nalgún convenio de colaboración ou contrato da area de Benestar Social do Concello de Vigo;*
4. *Aqueles que a xuízo da comisión de avaliación teñan unha escasa relevancia, ou repercusión ou carezan de interese dentro do ámbito propio dos Servizos Sociais.*
5. *Aquelas nos que os gastos subvencionados leven asociados investimentos en bens de natureza inventariable (infraestructuras e equipamentos) e o seu mantemento, sempre que supoña un incremento da vida útil dos bens; os gastos de carácter suntuario, liberalidades ou gastos financeiros.*
6. *Os gastos xerais de adquisición de patrimonio.*
7. *Aquelas que supoñan a edición de documentos internos, así como externos de signo exclusivamente propagandístico.*
8. *Aqueles que inclúan actividades de carácter político ou doutrinal de signo partidario e/ou confesional.*
9. *Aquelas que inclúan actividades propias dos clubs deportivos.*
10. *Aquelas que inclúan actividades levadas a cabo por administracións públicas, así como por entidades ou unidades que dependan orgánica ou presupostariamente delas en calquera aspecto*
11. *Aqueles que inclúan actividades de signo docente previstas nos programas de ensino.*
12. *Aqueles que inclúan actividades dirixidas ao estudo, análise ou investigación académica ou estatística.*
13. *Aquelas que inclúan actividades de signo sanitario-asistencial previstas nos programas da sanidade pública.*

Terceira.- Financiamento e contía:

*O importe total das subvencións non excederá o límite de 100.000€ e financiarase con cargo á partida 3130.489 00 00 –Subvencións a asociacións, entidades, etc.- do orzamento de Benestar Social do ano 2010*

*Poderá subvencionarse o cen por cen do orzamento presentado, non podendo superar, en todo caso, a cantidade de 3,000€. por entidade solicitante, establecéndose no caso das subvencións para mantemento, unha cantidade máxima de 1500€ por entidade solicitante.*

*No caso de que unha vez avaliadas as solicitudes se exceda do crédito destinado a estes programas, o Departamento de Benestar Social, axustará proporcionalmente a totalidade das subvencións ata encaixalas no crédito do ano 2010. De ser o caso, o calculo realizarase multiplicando cada unha das cantidades polo coeficiente corrector que resulte.*

Cuarta.- Compatibilidade:

*Estas subvencións serán compatibles con calqueira outras subvencións ou axudas procedentes de calquer outra administración ou de entes públicos nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais*

*A beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a solicitude e obtención doutras subvencións ou axudas que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no mo-*

mento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o custe total do programa, proxecto ou actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

Quinta.- Requisitos que deben reunir as entidades beneficiarias:

- a) Ser unha entidade de interese social, sen ánimo de lucro e dedicada a realización de actividades de carácter preventivo, asistencial, rehabilitador ou de ocio, e con implantación local.
- b) Estar legalmente constituídas e inscritas ou acrediten ter solicitado a súa inscrición con anterioridade a data na que remata o prazo de presentación de solicitudes, no Rexistro Municipal de Asociacións da Concellería de Participación Cidadá do Concello de Vigo,
- c) Que teñan sede social ou delegación no termo municipal de Vigo
- d) Que conforme aos seus estatutos ou normas reguladoras, teñan obxectivos e finalidades coincidentes cos establecidos nas presentes bases.
- e) Que teñan debidamente xustificadas, se é o caso, e antes da presentación da solicitude para esta convocatoria, as axudas recibidas no ano anterior. Así mesmo, é necesario que se efectúe o correspondente ingreso nos casos en que, sobre os beneficiarios das axudas económicas, recaese resolución administrativa ou xudicial firme de reintegro.
- f) Que se atopen ao corrente das súas obrigas fiscais.
- g) Non estar incurso en ningún dos supostos previstos no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Sexta.- Prazo, forma de presentación de solicitudes, e documentación:

6.1 Prazo e forma de presentación.

O prazo de presentación de solicitudes a esta convocatoria será de 30 días naturais, contados dende o día seguinte a publicación destas bases no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra. As solicitudes poderán presentarse no Rexistro Xeral do Concello de Vigo ou mediante calquera das formas previstas no artigo 38.4 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo común.

6.2 Modelo de presentación de solicitudes.

As solicitudes de subvención presentaranse de acordo co modelo que figura no anexo destas bases reguladoras (ANEXO I)

6.3 Documentación.

Coa solicitude achegarase a documentación que se recolle a continuación:

### DOCUMENTACIÓN XERAL

- a) *Certificado do acordo de solicitude da subvención adoptado polo órgano de goberno da asociación ou entidade solicitante e composición de dito órgano de goberno. (ANEXO II).*
- b) *Certificación asinada polo secretario (ANEXO III) da entidade relativa a:*
  - *Representación da persoa responsable legal da entidade.*
  - *Que dispón de sede central ou delegación permanente na cidade.*
  - *CIF da entidade.*
- c) *Unha declaración responsable de estar ao corrente no pagamento das obrigas tributarias co Concello de Vigo, Tesourería da Seguridade Social e da Axencia Estatal da Administración Tributaria e Delegación de Facenda da Comunidade Autónoma de Galicia, en base ó réxime simplificado para as subvencións destinadas a financiar proxectos ou programas de acción social que se concedan a entidades sen ánimo de lucro, que establece o artigo 31.7 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia e o artigo 24 do Real Decreto 887/2006 de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.*
- d) *Declaración responsable do representante legal da entidade facendo constar que a entidade solicitante non está incurso en ningún dos supostos previstos no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.*
- e) *Declaración responsable do representante legal da entidade na que se indiquen outras axudas solicitadas de entidades públicas ou privadas para a mesma finalidade.*

*Os tres apartados anteriores: c,d,e, poden xustificarse co modelo de Declaración responsable do ANEXO IV.*

*No suposto de que a entidade presentase esta documentación ou parte da mesma a outra convocatoria de axudas das convocadas polo Concello de Vigo no ano en curso ou no ano anterior, será suficiente con achegar unha declaración que especifique a documentación xa presentada, así como o número de documento ou expediente en que se atopa incorporada, anexando a documentación que falte ou estea sen actualizar.*

### DOCUMENTACIÓN ESPECÍFICA PARA PROXECTOS OU ACTIVIDADES

*Para as entidades que soliciten subvención para proxectos ou actividades, ademais da documentación sinalada nos apartados a) ó e), presentarán:*

1. *Memoria explicativa e detallada do proxecto ou actividade para os que solicitan subvención, e no que se indique como mínimo:*
  - *Nome do proxecto*
  - *Obxectivos e fins que persigue*
  - *Actividades a realizar*
  - *Número aproximado de persoas que se benefician e para os que se destina o proxecto.*
  - *Calendario de actividades*
2. *Orzamento de ingresos e gastos previsto para a realización do actividade ou proxecto.*



As axudas que se concedan ao abeiro das presentes bases e convocatoria serán publicadas no correspondente diario oficial, cando a súa contía sexa de 3.000€ ou superior, con expresión da convocatoria, crédito orzamentario ao que se imputan, beneficiario, cantidade concedida e finalidade da subvención. As solicitantes ás que se lles conceda a subvención terán dereito a que non se fagan públicos os seus datos persoais cando a publicación poda ser contraria ao respecto e salvagarda do dereito ao honor, intimidade persoal e imaxe.

A presente convocatoria e as súas bases reguladoras, así como o modelo de solicitude e demais modelos normalizados que constitúen os seus anexos, necesarios para a demanda destas axudas, facilitaranse na Oficina de Información do Concello de Vigo, nas oficinas de Benestar Social e na propia paxina web do Concello de Vigo.

-Publicidade do financiamento público.

As beneficiarias das subvencións obxecto desta convocatoria deberán emprega-lo distintivo do Concello de Vigo en tódalas actividades e comunicacións que promovan e en todas as publicacións, carteis, rótulos e demais elementos de difusión ou publicidade será indispensable mencionar á “Concellería de Benestar Social – Concello de Vigo”.

#### Novena.- Criterios de valoración

1.- Criterios xerais de valoración de actividades:

##### **Fundamento:**

- Colaboración e/ou complementariedade coa acción da administración local.
- Que o programa se axuste a realidade social e ás necesidades do colectivo ao cal se dirixe.
- Integración e/ou complementariedade con outras experiencias
- Valores que contén, proxecta e promociónen o proxecto.

##### **Calidade:**

- Concreción, calidade e claridade
- Proxecto contrastado pola experiencia propia e/ou de outras entidades.
- Proxecto fundamentado, con estrutura interna coherente e sólida.
- Participación do colectivo beneficiario no deseño do proxecto.

##### **Impacto:**

- Relevancia do proxecto (impacto esperado).
- Aumento da capacitación das persoas e/ou dos colectivos implicados.
- Mellora na calidade de vida das persoas implicadas
- Fomento da participación social dos grupos aos que vai dirixido

##### **Solidez e financiamento:**

- *Permanencia do proxecto, continuidade no tempo.*
- *Valoración das edicións anteriores (para o caso de continuidade)*
- *Plan de financiamento (aportación propia).*
- *Previsión e capacidade para conseguir outros fondos de financiamento e recursos.*

**Entidade:**

- *Experiencia, traxectoria, base social e participación no tecido social.*
- *Capacidade de convocatoria e mobilización da entidade.*
- *Colaboración con outras entidades na elaboración do proxecto.*
- *Fomento do asociacionismo, do voluntariado e da participación cidadá.*

**2.- Criterios específicos de valoración de actividades:**

- d) *Actividades que vaian dirixidas á prevención e á atención de persoas e/ou colectivos e que se complementen coa intervención realizada dende os servizos sociais municipais.*
- *Promoción e atención a persoas con discapacidade.*
  - *Proxectos ou actividades de atención e promoción social de menores.*
  - *Iniciativas de atención e promoción social para adultos con necesidades específicas e que se atopen en situación de desigualdade, discriminación ou exclusión.*
  - *Proxectos con dinámicas sociais abertas que vaian dirixidos a colectivos co fin de acadar una elevada cohesión social..*
  - *Iniciativas que plantexen solucións a problemas sociais de forma multidimensional e/ou integral.*
  - *Proxectos ou actividades que aporten melloras substanciais á calidade de vida das persoas, intervindo en áreas sociais, culturais e outras.*
  - *Iniciativas que impulsen fórmulas innovadoras solventes para a atención social de persoas ou/familias de colectivos con necesidades diferenciadas.*
  - *Proxectos que propoñan novas iniciativas para intervenir na prevención de situación de vulnerabilidade promovendo a inclusión social.*
  - *Proxectos de especial interese pola defensa ou promoción dos valores de igualdade, solidariedade e inclusión social.*

**3.- Criterios de valoración de mantemento:**

- *Maior ou mais específica comunidade a que se dirixe a Asociación*
- *Relación da entidade co campo da acción social e experiencia no seu ámbito*
- *Grao de implantación na cidade da Asociación.*

Décima.- Ponderación e valoración

A concesión das subvencións atenderá os criterios anteriores e tramitaranse en réxime de concorrencia competitiva, tendo sempre como límite as disponibilidades orzamentarias de Benestar Social destinadas para tal fin no presente exercicio. Neste sentido, levarase a cabo a comparación das solicitudes presentadas a fin de establecer una prelación entre as mesmas, de acordo cos criterios de valoración que se indican, adxudicándolle as axudas proporcionalmente á puntuación obtida, co límite fixado na presente convocatoria e dentro do crédito dispoñible.

Para proxectos ou actividades:

O proxecto que acompaña á solicitude será revisado técnicamente ao fin de avaliar o grao de cumprimento dos criterios de valoración tanto xerais como específicos e elaborarse a correspondente valoración.

O proxecto pode acadar una puntuación máxima de DEZ puntos (de 0 a 10), repartida en dúas partes:

- a) *Puntuación por adecuación do proxecto aos criterios xerais de valoración (punto 1 da base novena):*
  - *Ata 5 puntos, con un máximo de 1 punto por criterio, para os criterios que evalúen as características e a adecuación técnica do proxecto (fundamento, calidade, impacto, solidez e financiamento, así como da entidade solicitante).*
  
- b) *Puntuación por adecuación do proxecto aos criterios específicos da valoración (punto 2 da base novena):*
  - *Ata un máximo de 5 puntos, cun máximo de 0,5 puntos por criterio, por adecuación do proxecto aos criterios específicos de valoración de cada ámbito (punto 2 da base novena). Para cada ámbito indícanse os requisitos e criterios que ten que cumprir o proxecto presentado, atendendo as especificidades de cada temática as cales se tomarán como base para a valoración do proxecto.*

A valoración final do proxecto resultará da suma da puntuación obtida en ambos grupos de criterios.

Para gastos de mantemento

As axudas, individualmente consideradas poden acadar un máximo de DEZ puntos (de 0 a 10) valoradas tendo en conta os criterios e as puntuacións seguintes:

- *Ata un máximo de 4 puntos no primeiro dos criterios de valoración de mantemento*
- *Ata un máximo de 3 puntos en cada un dos dous restantes criterios de valoración de mantemento.*



Décimo primeira.- Procedemento de concesión e Órganos competentes

O procedemento para a concesión destas subvencións será o de concorrencia competitiva que se iniciará de oficio tras a aprobación das presentes bases e convocatoria pola Xunta de Goberno Local.

A instrucción do procedemento de concesión das subvencións convocadas corresponde ao Departamento de Benestar Social. O órgano instructor, co informe da Comisión de avaliación, elevará a proposta de resolución das subvencións solicitadas á Xunta de Goberno Local, órgano competente que aprobará o expediente das concesións e denegacións das subvencións solicitadas.

Décimo segunda.- Composición da comisión de avaliación

A comisión de avaliación estará integrada pola Concelleira-Delegada de Benestar Social, en calidade de presidenta, o xefe de área, a xefa de servizo e un funcionario designado para o efecto de Benestar Social como vocais da mesma, exercendo un deles como secretario/a.

Décimo terceira.- Notificación da resolución e recursos

A resolución da solicitude de subvención será notificada a todos os solicitantes, no prazo máximo de catro meses, contados desde a data de aprobación pola Xunta de Goberno Local. Transcorrido dito prazo sen que recaía resolución expresa, deberá entenderse desestimada. Dita resolución esgota a vía administrativa e contra ela poderá interpoñerse, potestativamente, recurso de reposición ante o mesmo órgano que a dictou no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte ao da notificación da resolución, se o acto fose expreso, ou no prazo de tres meses, contados a partir do día seguinte a aquel en que se produza o acto presunto, ou ser impugnados directamente ante o Xulgado contencioso-administrativo no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da publicación da disposición impugnada ou o da notificación o publicación do acto que poña fin á vía administrativa, si fose expreso. Si non o fora, o prazo será de seis meses e se contará, para o solicitante e outros posibles interesados, a partir do día seguinte a aquél no que, segundo a súa normativa específica, se produza o acto presunto, todo elo de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdicción contencioso-administrativa.

Décimo cuarta.- Obrigas dos beneficiarios

- A aceptación da subvención por parte dos adxudicatarios implica a aceptación das obrigas derivadas da normativa sobre axudas e subvencións a entidades sen ánimo de lucro e leva implícita a autorización á Concellería de Benestar Social do Concello de Vigo para facer públicas as subvencións concedidas de acordo co definido no artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- Realizar a actividade ou efectuar os gastos de mantemento que fundamentan a concesión da subvención.
- O emprego da lingua galega na realización das actividades
- Xustificar a aplicación dos fondos recibidos dentro dos prazos establecidos, así como a realización da actividade e cumprimento da finalidade que determina a concesión da subvención.
- Colaborar coas actuacións de comprobación e información quedando obrigadas a facilitar a tarefa de seguimento durante o período contemplado na presente convocatoria.
- Dispoñer da documentación contable que lles sexa esixida polos órganos de fiscalización e facilitala para garantir as facultades de inspección e control.
- Declarar as subvencións recibidas do Concello e doutros entes públicos ou privados.

- *Facer constar nos materiais de difusión e publicidade o apoio do Concello de Vigo- Benestar Social-, comprometéndose á utilización dunha linguaxe e imaxe non sexista.*
- *A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Benestar Social e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercizo das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.*
- *E as demais obrigas consignadas nos artigos 14 da Lei Xeral Tributaria e 11 da Lei de Subvencións Galega.*

*Décimo quinta.- Prazo e forma de xustificación*

*Unha vez notificada a resolución da concesión da subvención procederase á xustificación e pagamento na forma que se indica a continuación.*

*A xustificación das axudas efectuarase como máximo ata o 31 de xaneiro de 2011.. Non obstante, previa aprobación por parte da Xunta de Goberno Local, poderá ser ampliado o prazo destas xustificacións se ocorreran excepcións debidamente acreditadas.*

*En todo caso, a xustificación deberá facerse conforme á previsión contida no artigo 30 da Lei 38/2003 Xeral de Subvencións e 28 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, coa estrutura de conta xustificativa prevista no artigo 72 do Real Decreto 887/2006 do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións, que conterá memoria de actuación xustificativa e memoria económica xustificativa.*

*Nas subvencións para actividades terán a consideración de gastos subvencionables aqueles gastos ocasionados polo programa subvencionados tales como: persoal, viaxes, aloxamentos, comidas, alugamento de instalacións, etc.*

*Nas subvencións para mantemento terán a consideración de gastos subvencionables aqueles ocasionados polo funcionamento da entidade como espazo xestor. Non serán subvencionables os gastos correspondentes a investimento e material inventariable.*

*A documentación para xustificar a subvención presentarase no Rexistro Xeral, conformando a Conta Xustificativa, que consistirá en:*

*1.- Unha memoria de actuación, xustificativa do cumprimento dos proxectos ou actividades subvencionadas.*

*2.- Unha memoria económica, xustificativa do custe da actividade subvencionada ou ben dos gastos de mantemento que comprenderá:*

- *Unha relación clasificada de gastos vinculados á subvención (anexo VIII).*
- *Facturas orixinais e documentos con valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil e con eficacia administrativa incorporados na relación anterior e, no seu caso, a documentación acreditativa do pago. As facturas quedarán a disposición do Concello de Vigo e non se admitirán aquelas que non reunan as condicións previstas no RD 1496/2003, polo que se regula o deber de expedir factura que incumbe a profesionais e*

empresarios. Nestas facturas se computará o gasto acreditado, deducindo o IVE, salvo que se xustifique que a entidade está exenta de IVE.

- Unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financiaran a actividade subvencionada, con indicación do importe e procedencia.
- Nas subvencións concedidas a entidades dependentes ou vinculadas a unha federación ou confederación, a xustificación poderá consistir na certificación da intervención ou órgano que teña atribuídas as facultades de control, da toma de razón en contabilidade e do cumprimento da finalidade para a que foi concedida.
- Os documentos xustificativos deberán comprender os gastos vinculados de forma directa ao ano 2010 e non será necesario facer constar de forma expresa se os mesmos foron pagados con anterioridade á finalización do proceso de xustificación determinado nesta convocatoria

-Acreditar, con anterioridade ao pago da subvención, que se atopa ao corrente das súas obrigas co Concello de Vigo, a Axencia Estatal de Administración Tributaria e Delegación de Facenda da Comunidade Autónoma de Galicia Tesourería da Seguridade Social. Unha declaración responsable pode substituír a presentación das certificacións, en base ó réxime simplificado para as subvencións destinadas a financiar proxectos ou programas de acción social que se concedan a entidades sen ánimo de lucro, que establece o artigo 31.7 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia e o artigo 24 do Real Decreto 887/2006 de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións

Para posibilitar o control de concorrencia de subvencións, ou cando a entidade solicitante demande o orixinal presentado, as facturas e documentos poderán marcarse cunha estampilla, indicando na mesma a subvención para a que se presenta como xustificante e se o importe se imputa total ou parcialmente á mesma, indicando neste caso a contía exacta que resulte afectada. Posteriormente incorporase ao expediente copia do xustificante orixinal estampillado.

Procederá, por razóns xustificadas, o dereito ao cobro parcial e redución da subvención no caso de non execución dalgunha das actividades previstas no proxecto ou incumprimento dalgunha das obrigas do beneficiario. Asemesmo, poderá reducirse a subvención cando os gastos xustificadas fosen inferiores aos subvencionados, ou se obtivesen ingresos superiores aos previstos.

#### Décimo sexta.- Seguimento

O persoal técnico do Departamento de Benestar Social será o encargado do seguimento da execución das subvencións, así como de certificar a adecuada xustificación das mesmas mediante emisión dun informe que se incorpora coa conta xustificativa e a documentación presentada, no que se poña de manifesto expresamente o cumprimento do obxecto da subvención, así como a conformidade cos documentos xustificativos presentados, ou aquelas circunstancias que imposibilitan súa aprobación.

#### Décimo sétima.- Tratamento de datos de carácter persoal.

Os datos das solicitantes e os dos seus representantes serán incorporados aos ficheiros municipais. A finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión das subvencións obxecto das presentes bases reguladoras e convocatoria, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia en orde á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obligatoria.

*Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento administrativo Común e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Personal, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Benestar Social do Concello de Vigo.*

*A beneficiaria poderá exercer los dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Benestar Social do Concello de Vigo.*

*Décimo oitava.- Norma final*

*En todo aquilo non previsto nas presentes bases, serán de aplicación as normas básicas da Lei xeral de subvencións e da Lei de subvencións de Galicia sobre causas de invalidez (artigo 36 LXS e 32 LSG), causas e réxime de reintegro da subvencións (artigo 37 LXS e 33 LSG), réxime de infraccións e sancións en materia de subvencións e, en xeral, con carácter pleno ou supletorio, no non previsto nas Bases, a Lei xeral de subvencións e o seu regulamento de desenvolvemento, RD 887/2006, de 21 de xuño; a lexislación básica do Estado de réxime local; a Lei 9/2007, de subvencións de Galicia; as bases de execución do orzamento do Concello de Vigo vixentes, e as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.*

**20(355).- CORRECIÓN DE ERROS NO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN POR PROCEDIMENTO ABERTO DAS OBRAS “RENOVACIÓN DA CLIMATIZADORA E INSTALACIÓN DE PANEIS NA PISCINA MUNICIPAL DAS TRAVESAS”. EXPTE. 9431/333.**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Dáse conta do informe-proposta do director deportivo do IMD, do 18.03.10, conformado polo delegado da Área de Deportes, que di o seguinte:

Con data de 11 de Marzo de 2010, aprobouse o prego que rexe o Procedemento Negociado sen publicidade para a contratación das obras do proxecto de renovación dunha climatizadora e instalación de paneis solares na piscina municipal das Travesas , Expte 9378/333. O devandito prego informouse tanto dende a Asesoría Xurídica como dende a Intervención Xeral do Concello, elevándose con posterioridade á Xunta de Goberno Local, que acordou en tal senso, deixando constancia no encabezado dos informes , e no propio Acordo de que se trataba dun procedemento aberto, cando, como se está a expoñer, trátase dun procedemento negociado.

*Según consta no informe xurídico que se adxunta, procede a rectificación deste erro no proposta do procedemento de contratación das obras do proxecto de renovación dunha climatizadora e instalación de paneis solares na piscina municipal das Travesas, coa elaboración dun novo informe proposta á Xunta de Goberno Local, co fin de que acorde a corrección do erro.*

*En relación a esta corrección o informe xurídico recolle a posibilidade de que esta corrección de erro non altere as actuacións levadas a cabo, no principio xeral de conservación dos actos administrativos.*

*En base o exposto redactase unha nova proposta para a aprobación da Xunta de Goberno Local de cara a correspondente rectificación do erro advertido, sinalando que se trata dun procedemento negociado. A rectificación de erros atópase regulada no art. 105.2 da Lei 30/1992.*

*A vista das anteriores circunstancias, se propón á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:*

*1º.- Modificar o punto nº 4 do acordo da Xunta de Goberno Local de día 11 de marzo sobre o expediente 9378/333 coa rectificación do erro consistente substituír o “procedemento aberto”, polo “procedemento negociado sen publicidade”, sen a alteración das actuacións levadas a cabo como principio xeral de conservación dos actos administrativos.*

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

#### **21(356).- SOLICITUD DE SUBVENCIÓN Á CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR PARA O COFINANCIAMENTO DA PRESTACIÓN DE SERVIZOS SOCIAIS POLO CONCELLO DE VIGO Ó LONGO DO ANO 2010 E PARA PROXECTOS DE DESENVOLVEMENTO DO POBO XITANO. EXPTE. 50548/301.**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da técnica de actividades económicas de Servizos Sociais, do 12.03.10, conformado polo xefe e a concelleira-delegada da Área de Benestar Social, a Xunta de Goberno local acorda:

1º- Aproba-la solicitude de subvención á Consellería de Traballo e Benestar ao amparo e de conformidade coa Orde de 19 de febreiro de 2010, para o cofinanciamento da prestación de Servizos Sociais polo Concello de Vigo ó longo do ano 2010.

2º- Aproba-la solicitude de subvención á Consellería de Traballo e Benestar ao amparo e de conformidade coa Orde de 19 de febreiro de 2010 para proxectos de desenvolvemento do pobo xitano

Deste acordo darase conta ao Pleno da Excm. Corporación Municipal, consonte co artigo 11º da Orde citada.

#### **22(357).- CONVOCATORIA DE CONTRATACIÓN DE PERSOAL DO PROXECTO UTIL. EXPTE. 6821/77.**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 16.03.10, e de acordo co informe-proposta do xefe de Promoción, Económica e Emprego, do 1.03.10, con-

formado polo concelleiro de Promoción Económica, emprego e Participación Cidadá, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar a convocatoria de contratación dos seguintes postos para o programa de inserción laboral “UTIL”:

- a) Oficiais de Oficios:
  - 6 - Oficiais Albanel.
  - 5 – Oficiais Conductor.
  - 1 – Oficial Conductor-Palista.
  - 1 – Oficial Fontaneiro.
  - 1 – Oficiais Electricistas.
  - 8 – Oficiais Xardineiros.
- b) Peóns:
  - 53 – Peóns.

2º.- Puntuacións mínimas exixidas para acceder a fase de entrevista e/ou proba práctica:

- c) Oficiais de Oficios:

• Oficiais Albanel	Nota mínima 2,00
• Oficiais Conductor	Nota mínima 3,40
• Oficial Conductor-Palista	Nota mínima 0,20
• Oficial Fontaneiro	Nota mínima 3,40
• Oficiais Electricistas	Nota mínima 3,50
• Oficiais Xardineiros	Nota mínima 0,00
- d) Peóns:

• Peóns	Nota mínima 5,0
---------	-----------------

3º.- Autorizar a realización de:

- e) Oficiais de oficios:
  - Entrevista e proba práctica relacionada co oficio.
- f) Peóns:
  - Entrevista.

4º.- Aprobar a relación de obras a desenvolver dentro do programa, que deseguido se relacionan:

- g) Aprobar a seguinte relación de obras a desenvolver polo persoal do programa UTIL:
- h) Acondicionamento de Locais de propiedade municipal en Rivera Atienza, para locais sociocomunitarios.
- i) Peche perimetral e axardinamento do centro Cívico de Saians.
- j) Acondicionamento de obra civil en zonas axardinadas do Parque do Castro, Castrelos, A Guía e xardíns urbáns.
- k) Formación e acondicionamento en zonas verdes en parques forestais de; Beade, Bembrive, Cepudo, Monte dos Pozos, Zamáns, San Miguel de Oia, Vixiador,

Sains, Teis (Madroa), San Andres de Comesaña, Coruxo, Guía, Paseo Lineal do Lagares.

- l) Instalación de rego automático nos xardíns nos parques do; Castro, Castrelos, Samil e xardíns urbáns.
- m) Limpeza de camiños nas parroquias de Sárdoma e Valadares.
- n) Construción de beirarrúas na:
  - Rúa Devesa Santa Tegra – Teis.
  - Estrada da Venda – Beade
  - Camiño Viña Grande - Alcabre
  - Estrada do Marco – Sardoma
- o) Mellora da iluminación no rural.
- p) Acondicionamento e limpeza de viais, accesos públicos e terreos municipais nas parroquias de Cabral, Sardoma, Castrelos, Coruxo, Lavadores, Comesaña e Valadares.
- q) Peirao de carga e acondicionamento de oficinas administrativas no Parque Central de Servizos.

5º.- Aprobar o gasto total de 1.165.084,65 € , dos que para o presente ano corresponden 825.268,29 € e para o ano 2011 de 339.816,36 €. Estes custes aplicariáanse as partidas orzamentarias seguintes do vixente orzamento municipal e do correspondente ao ano 2011:

- r) 3220 1410000 “Contratacións fomento do emprego:
  - Orzamento 2010 608.160,34 €
  - Orzamento 2011 250.418,96 €
- s) 3220 1600000 “Seguridade Soc. Contratacións fomento do emprego”
  - Orzamento 2010 217.107,95 €
  - Orzamento 2011 89.397,39 €

6º.- Nomear membros da Comisión de Selección de persoal do programa UTIL aos seguintes membros:

- t) Presidente:
  - Francisco J. Gutiérrez Orúe.
  - Suplente Presidente:
    - Albino Rodríguez Ferreira
- u) Secretario/a:
  - Marta Alonso Posada
  - Suplente secretario/a
    - Rosa M<sup>a</sup> Otero Malvárez.
- v) Vogais:
  - Manuel Bueno Heredia
  - Jose A. Comesaña Davila
  - Juan Zaragoza Bastos
  - Vogais suplentes:

- César Casas González
- Primitivo Calles Santos
- Elisa Casal Prieto

**23(358).- ROGOS E PREGUNTAS.**

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás catorce horas e dez minutos. Como secretaria dou fé.

me.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA  
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

Isaura Abelairas Rodríguez.